- d. Selección de imaxes ou interpretación e elaboración de mapas: 10%
- e. Participación e colaboración no caso dos traballos en grupo. Interese e esforzo no caso dos traballos individuais: 10%
- f. Exposición oral das conclusións: 20%.

No caso de que non houbera presentación oral, este 20% sumarase ao ítem b.

- **Traballo na aula**

Os instrumentos para avalialo serán o **caderno do alumno-a** e **listas de control** no caderno da profesora.

Para valorar o **caderno** utilizaremos unha **rúbrica** na que valoraremos:

- a. Presentación: limpeza e claridade.
- b. Contidos: actividades resoltas e corrixidas, cantidade e calidade da información básica recollida.
- c. Organización: orden nos contidos.

Nas **listas de control** anotaremos o traballo diario do alumnado na clase e a realización de actividades feitas na casa

- **Observación sistemática e rexistro**

Mediante unha **escala de apreciación numérica** valoraremos o comportamento e a actitude.

Recolleremos no caderno de notas da profesora información sobre:

- a. Comportamento adecuado na aula: actitude de respecto cara os compañeiros e a profesora, non interrupción da marcha da clase e respecto ás normas de convivencia, asistencia a clase e

No caso de que non se realizasen traballos de investigación a ponderación será dun 90%

b. puntualidade.

c. Actitude ante a materia: interese pola aprendizaxe, participación na clase, realización no prazo previsto dos exercicios encomendados, atención e esforzo.

Para poder establecer unha cualificación numérica destes aspectos, o alumno-a parte ao comezo da avaliación cunha cualificación de "10". No noso caderno de notas rexistraremos como puntos negativos a ausencia de traballo na casa e na aula e o comportamento e actitude indebida.

Ponderación e redondeo

A cualificación final de cada avaliación será o resultado da suma de:

- Media aritmética das probas escritas: 70%.

No caso de que non se realizasen traballos de investigación a ponderación será dun 90%

- Traballos individuais ou colectivos: 20%.
- Caderno do alumnado: 5 %.
- Actitude, comportamento e traballo na aula e na casa: 5%.

O redondeo establécese á alza a partires de 0,50 centésimas e á baixa con 0,49 centésimas ou menos.

Recuperación dunha avaliación non superada

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, polo que implicará un seguimento do proceso e dos resultados das aprendizaxes ao longo de todo o curso. En cada avaliación intentarase que existan probas escritas que recollan contidos da avaliación anterior, de maneira que se poida valorar a progresión do alumnado na materia. O progresivo melloramento nos aspectos lingüísticos da materia implica que aprobar a segunda avaliación significa recuperar a primeira se a tivese suspensa e o mesmo na terceira en relación coa segunda.

Os coñecementos sobre cultura e civilización latina poderanse recuperar realizando unha proba por escrito na avaliación posterior. Se o alumno suspendese por non entregar un traballo ou por non facelo correctamente, deberá realizalo adecuadamente para poder superar a avaliación.

3.- Procedemento avaliación final

Quen debe ir á avaliación final?

En xuño realizarase una proba escrita para o alumnado que non aprobase a terceira avaliación.

A esta proba final poderá presentarse voluntariamente a subir nota o alumnado con avaliación positiva. Se a nota obtida nesta proba fose inferior á media positiva xa alcanzada, non se terá en consideración a cualificación obtida na proba global.

En que consistirá a proba ?

A proba consistirá nun exame coas mesmas características e cualificacións que as probas escritas realizadas durante as avaliacións e incluírá contidos lingüísticos e culturais das tres avaliacións.

Será necesario, para obter unha cualificación positiva, ter superado o 50% da parte lingüística.

Para superar a materia o alumno ou alumna deberá alcanzar, como mínimo un 5.

O redondeo establécese á alza a partires de 0,50 centésimas e á baixa con 0,49 centésimas ou menos.

Que estándares se van avaliar? Avaliación pendentas, todos, ...

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances

- **LA1B1.4.1.** Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances, localiza nun mapa as zonas onde se utilizan, delimita o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo e recoñece as súas características.
- **LA1B1.5.1.** Distingue e delimita as etapas do latín, recoñece e distingue a partir do étimo latino cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, e explica as evolucións que se producen nun caso e no outro.
- **LA1B1.5.2.** Coñece exemplos de termos latinos que deron orixe tanto a unha palabra patrimonial como a un cultismo, e sinala as diferenzas de uso e significado entre ambos.
- **LA1B1.6.1.** Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica.

Bloque 2. Sistema de lingua latina: elementos básicos

- **LAT1B2.4.1.** Le con pronuncia e acentuación correctas textos latinos, identificando e reproducindo exemplos de diferentes tipos de pronuncia.

Bloque 3. Morfoloxía

- **LA1B3.4.1.** Enuncia e declina correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoo segundo a súa categoría e a súa declinación.
- **LA1B3.4.2.** Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.
- **LA1B3.5.1.** Clasifica verbos segundo a súa conxugación partindo do seu enunciado e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal.
- **LA1B3.5.2.** Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.
- **LA1B3.5.3.** Conxuga os tempos verbais máis frecuentes en voz activa e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.
- **LA1B3.6.2.** Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal.
- **LA1B3.7.1.** Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.
- **LA1B3.8.1.** Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas, e compara os tempos e os modos verbais presentes no latín cos do galego e os do castelán.

Bloque 4. Sintaxe

- **LA1B4.1.1.** Analiza morfoloxicamente e sintacticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións que realizan na oración.
- **LA1B4.2.1.** Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma axeitada de traducilos.
- **LA1B4.3.1.** Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.
- **LA1B4.5.1.** Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, os seus tipos e os nexos que as caracterizan, e sinala exemplos que expliquen en cada caso as súas características.
- **LA1B4.6.1.** Identifica as funcións que realizan as formas non persoais (infinitivo e participio) dentro da oración e compara exemplos do seu uso.

- **LA1B4.7.1.** Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes, en relación con construcións análogas noutras linguas que coñece.

Bloque 5. Roma: historia, cultura, arte e civilización

- **LA1B5.1.5.** Describe os principais fitos históricos e os aspectos máis significativos da civilización latina, e analiza a súa influencia no devir histórico posterior.
- **LA1B5.2.1.** Explica a romanización de Hispania e da Gallaecia, describe as súas causas e delimita as súas fases.
- **LA1B5.3.1.** Identifica e sinala nun mapa os restos arqueolóxicos máis salientables da romanización de Hispania e da Gallaecia, e descobre e relaciona as pezas arqueolóxicas romanas dos museos cos coñecementos adquiridos.
- **LA1B5.4.1.** Describe os elementos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.
- **LA1B5.4.2.** Describe a organización e a evolución da sociedade romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais.
- **LA1B5.5.1.** Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o ámbito de influencia, explica a súa xenealoxía e establece relacións entre os deuses.
- **LA1B5.7.1.** Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, explicando os trazos que lles son propios, e describe as principais características dos ritos funerarios romanos, distinguindo as semellanzas e as diferenzas que presentan cos de hoxe en día.
- **LA1B5.8.1.** Describe as principais manifestacións escultóricas e pictóricas da arte romana, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía aproximada.
- **LA1B5.9.1.** Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.
- **LA1B5.10.1.** Enumera os elementos que compoñen a estrutura do exército romano e explica o seu funcionamento, atendendo á súa evolución ao longo dos períodos históricos

Bloque 6. Textos

- **LA1B6.1.1.** Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica de textos de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.

Bloque 7. Léxico

- **LA1B7.2.1.** Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.
- **LA1B7.4.1.** Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.
- **LA1B7.5.1.** Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto adecuado cando se expresa na súa propia lingua.

Como se elabora a cualificación final? Ponderación e redondeos.

A cualificación final é o resultado da nota media ponderada dos tres trimestres, tendo en conta que os últimos teñen máis valor. O factor de ponderación será o seguinte:

- 1º avaliación: 20% da nota final.

- 2º avaliación: 30 % da nota final.
- 3º avaliación: 50% da nota final.

Que criterios segue o centro para a promoción?

Segundo o Decreto 86/2015 do 25 de xuño a promoción do alumnado dun curso a outro será decidida de xeito colexiado polo profesorado, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes tendo en conta:

- a. Os alumnos e as alumnas promocionarán de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo.
- b. Repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
- c. De xeito excepcional promocionará un alumno ou unha alumna con avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna poden seguir con éxito o curso seguinte, que teñen expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, e sempre que se lle apliquen ao alumno ou á alumna medidas de atención educativa.

4.- Procedemento de avaliación extraordinaria

Tipo de proba que se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas.

A avaliación extraordinaria de setembro consistirá nunha **proba escrita** que terá a seguinte estrutura:

- a. Análise morfosintáctico e tradución dun texto: 4 puntos.
- b. Cuestións de tipo morfolóxico (declinación dun sintagma composto por un substantivo e un adxectivo; análise e tradución de formas verbais; conxugación dalgún tempo verbal ou reconstrución de formas nominais : 3 puntos.
- c. Explicar algún aspecto de tipo cultural: 2 puntos.
- d. Cuestións léxicas (etimoloxía, latinismos, composición e derivación, evolución fonética): 1 punto.

Como se cualifica, redondeos.

Será necesario, para obter unha cualificación positiva, ter superado o 50% de cada un dos apartados anteriores.

O redondeo establécese á alza a partires de 0,50 centésimas e á baixa con 0,49 centésimas ou menos.

5.- Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes

Como se fará o seguimento: clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento,

O xefe do Departamento de Latín estará a disposición do alumnado para calquera dúbida ou explicación que fose precisa. Faranse **reunións periódicas** co alumnado afectado para que expoñan tódalas dificultades que teñan coa materia. Ademais de explicar e de aclarar dúbidas entregaránselle **fichas de reorientación** para que o alumnado as reelabore, atendendo as particulares dificultades de cada momento.

Segundo os obxectivos propostos, tales fichas polarizaranse en torno a catro núcleos:

1º Aprendizaxe dun vocabulario básico.

2º Aprendizaxe gramatical que abarque o nivel morfolóxico e o nivel sintáctico.

3º Práctica de ejercicios de tradución.

4º Traballos de indagación sobre aspectos históricos e socioculturais significativos da civilización romana non asimilados e recollida por escrito das súas conclusións.

Estas fichas serán entregadas nas datas que se indiquen e teranse en conta para superar a materia.

Non se recollerán exercicios nin traballos fóra da data establecida salvo causas debidamente xustificadas.

Como se avalía e cualifica?

Avaliacións parciais

O alumnado coa disciplina de Latín I pendente será avaliado mediante os seguintes procedementos:

- Dúas probas escritas, unha en novembro e outra en febreiro. Terán a mesma estrutura e valoración que as aplicadas na proba extraordinaria de setembro: 80% da nota.
- Fichas de reorientación: 20 % da nota.

Avaliación final

Se o alumnado non superase a materia pendente nas avaliacións parciais, realizará unha proba escrita na data establecida no calendario de exames de materias pendentes. A proba consistirá en:

- Análise morfosintáctico e tradución dun texto: 4 puntos.
- Cuestións de tipo morfolóxico (declinación dun sintagma composto por un substantivo e un adxectivo; análise e tradución de formas verbais; conxugación dalgún tempo verbal ou reconstrución de formas nominais : 3 puntos.
- Explicar algún aspecto de tipo cultural: 2 puntos.
- Cuestións léxicas (etimoloxía, latinismos, composición e derivación, evolución fonética): 1 punto.

Será necesario, para obter unha cualificación positiva, ter superado o 50% da parte lingüística.

Para superar a materia o alumno ou alumna deberá alcanzar, como mínimo un 5.

O redondeo establécese á alza a partires de 0,50 centésimas e á baixa con 0,49 centésimas ou menos.

Avaliación extraordinaria

Na convocatoria extraordinaria en setembro realizarase unha proba escrita coas mesmas características e valoracións que a da avaliación final ordinaria.

8.- OUTRAS AVALIACIÓNS

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
Proceso de ensino:				
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				

8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

2.- Avaliación da programación didáctica

1.- Mecanismo revisión

Con que periodicidade se revisará?

Ao finalizar cada trimestre farase unha revisión da programación, adaptándoa, se fose necesario, ás necesidades detectadas, xa por atraso no seu desenvolvemento, xa pola necesidade de incluír novos apartados. De todo iso deixarase constancia no Libro de actas do Departamento.

Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

- Realizar un número menor de actividades de reforzo e consolidación.
- Reducir a extensión dos textos propostos para a súa análise e tradución.

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				

32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?

Observacións:

9.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Medidas de atención á diversidade no presente curso

MEDIDAS ORDINARIAS

Medidas ordinarias	Medias extraordinarias
Organizativas	Curriculares
<p>1. Adequouse a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo? En 1º de BAC non.</p> <p>6. Tempos diferenciado, horarios específicos, etc. ---</p> <p>b) Espazos diferenciados? ---</p> <p>7. c) Materiais e recursos didácticos diferenciados? ---</p> <p>2. Faise algún desdoblamento de grupos? Non</p> <p>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula? Non</p> <p>4. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a? Non. O alumnado que así o demande será atendido nas horas de lecer para aclarar dúbidas.</p> <p>5. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a? Non</p> <p>6. Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia? Levará o mesmo traballo que se estea a realizar na aula de referencia.</p>	<p>1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.? Non é necesaria ningunha adaptación extraordinaria no curso actual.</p> <p>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a? Non.</p> <p>3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO?</p> <p>4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)?</p> <p>5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia? Non.</p> <p>6. Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?. Non.</p>

Medidas de atención á diversidade no presente curso

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Medidas ordinarias	Medias extraordinarias
Organizativas	Curriculares
1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL? Ningún en 1º de BAC. 2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)? Non hai alumnos estranxeiros que cursen a materia de Latín I. 3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(Al. estranxeiro)? Non. 4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.? Non.	1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas? Ningunha. 2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico? Non 3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)? Non 4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización? Non 5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc

10. Actividades complementarias e extraescolares

Debido a situación ión desencadenada pola pandemia da Covid-19 non temos previsto organizar ningunha actividade complementaria ou extraescolar.

11. Datos do departamento

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
Latín I	1º BAC	1	Rosa Mª Rodríguez García
Latín II	2º BAC	1	Rosa Mª Rodríguez García
Latín	4º ESO	2	Rosa Mª Rodríguez García
Grego I	1º BAC	1	Rosa Mª Rodríguez García
Cultura Clásica	3º ESO	3	Mª Dolores Bouza Betriú

12. Relación coa resolución

Resolución do 27/7/2015 (DOG 29)

Elementos	Aspectos	Folla
a	Introdución e contextualización	Folla 3
b	Contribución ás competencias básicas	Folla 5
c	Concreción dos obxectivos para curso	Folla 3
d	Concreción para cada estándar	Folla 5
	1º.- Temporalización	Folla 4
	2º.- Grao mínimo de consecución	Folla 5
	3º.- Procedementos e instrumentos av.	Folla 5
e	Concrecións metodolóxicas	Folla 6
f	Materiais e recursos didácticos	Folla 6
g	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción	Folla 7
h	Indicadores de logro para avaliar o proc. ensino e p.d.	Folla 8
i	Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	Folla 7
j	Procedemento acreditación coñecementos previos	Folla 7
k	Avaliación inicial e medidas	Folla 7
l	Medidas de atención á diversidade	Folla 9
m	Concreción de elementos transversais	Folla 5
n	Actividades complementarias e extraescolares	Folla 10
ñ	Revisión, avaliación e modificación da programación	Folla 8

13. ANEXO COVID 19

1.- Plan de reforzo e recuperación

Non se contempla ningún plan específico de recuperación e reforzo por tratarse dunha nova etapa educativa e dunha materia optativa que poderían non ter cursado en 4º de ESO.

A primeira semana do curso realizarase unha proba que inclúe preguntas sobre aspectos culturais e lingüísticos. Permitirá identificar os coñecementos previos que teñen da materia e as nocións gramaticais básicas que posúen. A información recompilada servirá para marcar o punto de partida do proceso de ensinanza e para tomar medidas de educación educativa: plans de apoio e reforzo nos casos necesarios.

2.- Docencia non presencial: adaptacións derivadas

1. Organización do traballo escolar

Estratexias metodolóxicas

- A vía metodolóxica preferente para o desenvolvemento da actividade lectiva non presencial será a **Aula Virtual** do IES Leiras Pulpeiro.
- Empregarase a plataforma **Ciscowebex** para facilitar a interrelación. Os encontros por videoconferencia permitirán impartir contidos, interactuar, compartir o aprendido e comprobar a motivación. Planificarase un encontro semanal de 45 minutos entre as 17 e as 20 horas.
- O alumnado poderá contactar coa profesora para resolver dúbidas por correo electrónico e a través da mensaxería interna da Aula Virtual
- Fomentaremos a **aprendizaxe autónoma** propoñendo actividades asequibles que o alumnado poida resolver consultando o libro de texto e as presentacións e os recursos aportados pola profesora.
- As tarefas que se propoñan deberán desenvolver as competencias de aprender a aprender, iniciativa e espírito emprendedor e competencia dixital, así como o traballo cooperativo en rede.

Tarefas e actividades: tipos, cantidade e temporalización

- As actividades serán variadas e consistirán na realización de esquemas, resumos, traducións, exercicios apropiados para afianzar os contidos lingüísticos, culturais e léxicos, cuestionarios sobre vídeos didácticos e pequenos traballos de investigación sobre o legado cultural.
- A cantidade de tarefas será proporcional ao peso horario da materia. Deseñaremos actividades que poidan ser resoltas na metade de tempo semanal da materia.
- Os luns pola mañá será o día no que serán enviadas as tarefas, actividades ou exercicios que o alumnado terá que facer en cada un dos períodos semanais correspondentes. O prazo para que o alumnado envíe o traballo realizado rematará os venres as 23: 00 h.

Atención ao malumnado con necesidades de apoio

- Para dar resposta as diversas motivacións, intereses e capacidades que presenta o alumnado

proporanse exercicios de reforzo e recuperación de dificultade graduada nuns casos e de ampliación de contidos noutros.

- Facilitaremos recursos online que ofrecen múltiples actividades para repaso e reforzo de contidos, coa súa correspondente solución e avaliación.

2. Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico da lingua latina e a súa expansión, delimitando os seus ámbitos de influencia e colocando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, e delimita nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa, e delimitar o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo, recoñecendo as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances, localiza nun mapa as zonas onde se utilizan, delimita o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo e recoñece as súas características.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Distinguir as principais etapas na evolución do latín e recoñecer e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B1.5.1. Distingue e delimita as etapas do latín, recoñece e distingue a partir do étimo latino cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, e explica as evolucións que se producen nun caso e no outro. ▪ LA1B1.5.2. Coñece exemplos de termos latinos que deron orixe tanto a unha palabra patrimonial como a un cultismo, e sinala as diferenzas de uso e significado entre ambos. ▪ LA1B1.5.3. Demostra a presenza do latín no século XXI en campos como a ciencia, a cultura, a publicidade, os medios de comunicación, internet e as redes sociais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética, e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán partindo dos étimos latinos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica.
<p>Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Recoñecer sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAT1B2.1.1. Recoñece tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función, e describe os trazos que distinguen uns dos outros.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Distinguir as fases da evolución do alfabeto latino, desde a súa orixe ata o alfabeto da época clásica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAT1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto latino, e a evolución e a adaptación dos signos do alfabeto grego.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAT1B2.3.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do alfabeto latino, así como a súa evolución, sinala as adaptacións que se

	<p>producen en cada unha e recoñece os tipos de alfabeto usados actualmente en Europa, en relación coas linguas que os empregan.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas da pronuncia en latín e distinguir os seus tipos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAT1B2.4.1. Le con pronuncia e acentuación correctas textos latinos, identificando e reproducindo exemplos de diferentes tipos de pronuncia.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 3. Morfoloxía 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Distinguir os tipos de palabras a partir do seu enunciado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B3.3.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, explicando e ilustrando con exemplos as características que diferencian os conceptos de declinación e conxugación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B3.4.1. Enuncia e declina correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándooos segundo a súa categoría e a súa declinación. ▪ LA1B3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B3.5.1. Clasifica verbos segundo a súa conxugación partindo do seu

<p>conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.</p>	<p>enunciado e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación. ▪ LA1B3.5.3. Conxuga os tempos verbais máis frecuentes en voz activa e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Analizar o funcionamento dos temas verbais latinos de presente e de perfecto, e recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir deles, tanto en voz activa como en voz pasiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B3.6.1. Explica o uso dos temas verbais latinos, identificando correctamente as formas derivadas de cada un. ▪ LA1B3.6.2. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Diferenciar formas persoais e non persoais do verbo, e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Traducir ao galego e ao castelán as formas verbais latinas, e comparar os sistemas verbais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B3.8.1. Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas, e compara os tempos e os modos verbais presentes no latín cos do galego e os do castelán.
<p>Bloque 4. Sintaxe</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B4.1.1. Analiza morfoloxicamente e sintacticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións

	que realizan na oración.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos, identificar as principais funcións que realizan na oración e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma axeitada de traducilos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B4.5.1. Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, os seus tipos e os nexos que as caracterizan, e sinala exemplos que expliquen en cada caso as súas características.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Coñecer as funcións das formas non persoais nas oracións: infinitivo e participio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B4.6.1. Identifica as funcións que realizan as formas non persoais (infinitivo e participio) dentro da oración e compara exemplos do seu uso.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B4.7.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes, en relación con construcións análogas noutras linguas que coñece.
Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.1.1. Describe o marco histórico en que xorde e se desenvolve a civilización romana, sinala períodos dentro del e identifica en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.1.2. Distingue as etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. ▪ LA1B5.1.3. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, ponos en contexto e relaciónaos con outras circunstancias contemporáneas. ▪ LA1B5.1.4. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información ▪ LA1B5.1.5. Describe os principais fitos históricos e os aspectos máis significativos da civilización latina, e analiza a súa influencia no devir histórico posterior.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Coñecer os feitos históricos principais da romanización de Hispania e da Gallaecia, e realizar eixes cronolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.2.1. Explica a romanización de Hispania e da Gallaecia, describe as súas causas e delimita as súas fases. ▪ LA1B5.2.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e da Gallaecia, e sinala a súa influencia na historia posterior.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Recoñecer as pegadas da romanización nos principais depósitos arqueolóxicos e museos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.3.1. Identifica e sinala nun mapa os restos arqueolóxicos máis salientables da romanización de Hispania e da Gallaecia, e descobre e relaciona as pezas arqueolóxicas romanas dos museos cos coñecementos adquiridos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Coñecer a organización política e social de Roma e recoñecer o seu mantemento actual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.4.1. Describe os elementos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. ▪ LA1B5.4.2. Describe a organización e a evolución da sociedade romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada



	<p>unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais.</p>
<ul style="list-style-type: none">▪ B5.5. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.	<ul style="list-style-type: none">▪ LA1B5.5.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o ámbito de influencia, explica a súa xenealoxía e establece relacións entre os deuses.▪ LA1B5.5.2. Identifica deuses, semideuses e heroes dentro do imaxinario mítico, e explica os principais aspectos que diferencian uns dos outros.
<ul style="list-style-type: none">▪ B5.6. Coñecer os deuses, os mitos, os heroes e as lendas latinas principais, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	<ul style="list-style-type: none">▪ LA1B5.6.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos tratamentos, e asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.▪ LA1B5.6.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos e as lendas da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa, e valorando a súa influencia na arte e na literatura posterior a través de exemplos.
<ul style="list-style-type: none">▪ B5.7. Coñecer e comparar coas actuais as características da relixiosidade e da relixión latinas, os cultos privados e os ritos funerarios.	<ul style="list-style-type: none">▪ LA1B5.7.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, explicando os trazos que lles son propios, e describe as principais características dos ritos funerarios romanos, distinguindo as semellanzas e as diferenzas que presentan cos de hoxe en día.
<ul style="list-style-type: none">▪ B5.8. Coñecer as características fundamentais da arte romana e describir algunhas das súas manifestacións máis importantes.	<ul style="list-style-type: none">▪ LA1B5.8.1. Describe as principais manifestacións escultóricas e pictóricas da arte romana, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía aproximada.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.9. Identificar os trazos máis destacados das edificacións públicas e do urbanismo romano, e sinalar a súa presenza dentro do patrimonio histórico de España e Europa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.9.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores. ▪ LA1B5.9.2. Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a cronoloxía aproximada.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.10. Describir a estrutura e o funcionamento do exército romano, e distinguir as etapas na súa evolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.10.1. Enumera os elementos que compoñen a estrutura do exército romano e explica o seu funcionamento, atendendo á súa evolución ao longo dos períodos históricos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 6. Textos 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina para a interpretación, a tradución e a retroversión de textos de dificultade progresiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica de textos de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Utilizar correctamente manuais e dicionarios, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B6.3.1. Utiliza correctamente o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical incluída nos seus manuais e nas súas entradas, e localiza o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e da estrutura de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B6.4.1. Realiza comentarios sobre os principais trazos dos textos seleccionados e sobre os aspectos culturais presentes neles, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.
<p>Bloque 7. Léxico</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras da lingua propia ou doutras que coñece.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.3. Establecer mediante mecanismos de inferencia as relacións existentes entre determinados étimos latinos e os derivados en linguas romances. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAT1B7.3.1. Deduce o significado das palabras das linguas de España a partir dos étimos latinos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.4. Identificar e explicar os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B7.4.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B7.4.2. Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica ou



	semántica.
<ul style="list-style-type: none">▪ B7.5. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.	<ul style="list-style-type: none">▪ LA1B7.5.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto adecuado cando se expresa na súa propia lingua.

3. Procedementos e instrumentos de avaliación

- **Traballos individuais** semanais serán avaliados mediante **rúbricas**.nas que se valorará o esmero e a corrección na realización das tarefas e a súa autenticidade
- **Probas telemáticas** de resposta breve, de ensaio e de desenvolvemento. Constarán das seguintes cuestións e valoracións:
 - Tradución dun pequeno texto ou frases: 40%.
 - Cuestións gramaticais: 30%
 - Cuestión relacionadas co legado cultural: 20%.
 - Léxico: 10%

4. Criterios de cualificación

- Se a situación pandémica obrigase a un confinamento durante un trimestre completo e sen posibilidade de realizar ningunha proba escrita presencial, a cualificación final da avaliación será o resultado da suma de:
 - Media aritmética das probas telemáticas: 60%.
 - Traballos individuais: 40%.

O redondeo establécese á alza a partires de 0,50 centésimas e á baixa con 0,49 centésimas ou menos.

- Se nun mesmo trimestre se desenvolvese docencia presencial e non presencial avaliarase cada un dos períodos cos seus criterios correspondentes e que figuran nesta programación. A cualificación final será a media aritmética de ambas avaliacións.
- Se a docencia non presencial é inferior a 12 horas lectivas, aplicaranse os criterios de cualificación que figuran na programación didáctica presencial.

5. Información ao alumnado e ás familias

- A información máis relevante será publicada na sección “novas” do departamento de Grego da páxina web
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesleiraspulpeiro/?q=taxonomy/term/98>
Simultaneamente a mesma información será enviada ao correo personal do alumnado.
- As familias do alumnado no que se detecte ausencia de traballo, por fenda dixital ou cuestións doutra índole, serán localizadas e informadas a través da titoría.

Lugo 18 de setembro de 2020



Asdo: Rosa Mª Rodríguez García



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2020-2021

Materia:

3ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliáveis /Indicadores de logro (1)				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transversais							
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criteri	Identific Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	* Peso Cualific.	Instrumentos							Temas transversais					
								Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC
BLOQUE 3: SINTAXE																				
B3.4.	B3.5.	LA2B3.5.1.	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. 	90%	15%						X		X	X	X				
BLOQUE 4: LITERATURA LATINA																				
B4.1.	B4.3.	LA2B4.3.1.	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina. 	80%	15%					X					X				
		LA2B4.3.2.	<ul style="list-style-type: none"> CD CCL 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas. 	100%		X					X	X							
	B4.4.	LA2B4.4.1.	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúalos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen. 	80%				X					X	X		X			
	B4.5.	LA2B4.5.1	<ul style="list-style-type: none"> CSC CD CCL CSC CD CCL 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea. LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sèrvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben. 	50%							X	X					X		
						60%							X	X		X				
BLOQUE 5: TEXTOS																				
B5.1	B5.1	LA2B5.1.1.	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución. 	100%	60%	X				X		X	X	X	X				
	B5.2.	LA2B5.2.1.	<ul style="list-style-type: none"> CD CAA CCL 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto. 	100%		X				X		X	X	X	X				
B5.2.	B5.3.	LA2B5.3.1.	<ul style="list-style-type: none"> CAA 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, 	60%			X					X	X						

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL 	históricos e literarios de textos.																	
B5.3.	B5.4.	LA2B5.4.1	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEC • CCL 	<ul style="list-style-type: none"> • LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente. 	60%																
B5.4.	B5.5.	LA2B5.5.1.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> • LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. 	50%																
BLOQUE 6: LÉXICO																					
B6.1.	B6.1.	LA2B6.1.1.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán. 	70%	10%															
B6.2.	B6.2.	LA2B6.2.1.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza. 	70%																
		LA2B6.2.2.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> • LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán. 	70%																
B6.4.	B6.4.	LA2B6.4.1.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> • LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe. 	100%																
BLOQUE 2: MORFOLOXÍA																					
7	B2.2.	B2.5	LA2B2.5.1.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán 	90%	7,5%														
			LA2B2.5.2.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CD 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario. 	90%															
BLOQUE 3: SINTAXE																					
B3.1.	B3.1.	LA2B3.1.1.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución. 	90%	7,5%															
BLOQUE 4: LITERATURA LATINA																					
B4.1.	B4.3.	LA2B4.3.1.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina. 	80%	15%															
		LA2B4.3.2.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas. 	100%																
	B4.4.	LA2B4.4.1.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúalos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen. 	80%																
	B4.5.	LA2B4.5.1	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea. 	50%																
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sèrvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben. 	60%																
BLOQUE 5: TEXTOS																					
B5.1	B5.1	LA2B5.1.1.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución. 	100%	60%															
	B5.2.	LA2B5.2.1.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ➤ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> • LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto. 	100%																
	B5.2.	B5.3.	LA2B5.3.1.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos. 		60%														

			<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC CCL 																	
B5.3.	B5.4.	LA2B5.4.1	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC CCL 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente. 	60%															
B5.4.	B5.5.	LA2B5.5.1.	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. 	50%															
BLOQUE 6: LÉXICO																				
B6.1.	B6.1.	LA2B6.1.1.	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT CD 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán. 	70%	10%														
B6.2.	B6.2.	LA2B6.2.1.	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL CD 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza. 	70%															
		LA2B6.2.2.	<ul style="list-style-type: none"> CD CCL 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán. 	70%															
B6.4.	B6.4.	LA2B6.4.1.	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe. 	100%															

6.- Metodoloxía

1.- Estratexias metodolóxicas

1. Aspectos xerais

Na nosa metodoloxía teremos en conta os seguintes postulados básicos:

- **Partir dos coñecementos previos do alumnado:** ao comezo de cada unidade didáctica tentaremos atopar mediante probas orais ou escritas aqueles datos que a maioría do alumnado coñece.
- **Motivar e asegurar a construción de aprendizaxes significativas** (non mecánicas): hai que conseguir unha conexión coas vidas do noso alumnado e viceversa, prestando especial atención á pervivencia do clásico na actualidade, provocando curiosidade, espertando os seus sentimentos e potenciando a súa creatividade e imaxinación. Dosificaremos as actividades lúdicas e motivadoras e aplicáremolas no contexto didáctico cuns obxectivos moi concretos. Proporcionaremos oportunidades para poñer en práctica os coñecementos provocando no alumnado a conciencia da utilidade do latín para realizar outras aprendizaxes (interdisciplinabilidade).
- **Atender á diversidade:** mediante a realización de exercicios de reforzo e recuperación de dificultade graduada nuns casos e de ampliación de contidos noutros. Ademais, para dar resposta as diversas motivacións, intereses e capacidades que presenta o alumnado, facilitaremos recursos online que ofrecen múltiples actividades para repaso e reforzo de contidos, coa súa correspondente solución e avaliación.
- **Aplicar un método activo, práctico, racional, creativo e participativo:** a profesora realiza unha labor de “guía” fomentando a creación dun ambiente de traballo adecuado e consolidando rutinas e destrezas. Ao alumnado correspóndelle realizar unha serie de tarefas de xeito individual ou en grupo, tanto na aula como fóra dela:
 - Traballar con textos latinos que lle permitan ir descubrindo o funcionamento da flexión nominal e verbal.
 - Elaborar a súa propia gramática. Estimaremos o sentido de indución e dedución do alumnado coa formulación de preguntas relacionadas coas frases latinas que serven de punto de partida.
 - Adquirir un coñecemento racional da estrutura e funcionamento morfolóxico das palabras variables como paso previo á memorización dos distintos paradigmas.
 - Buscar e analizar con rigor e sistematicamente informacións procedentes de diversas fontes.
 - Xerar un clima na aula co que as alumnas e alumnos sintan a necesidade de participar activamente no proceso de ensino-aprendizaxe, asegurándonos de que eses intentos, mesmo se son erróneos, sirvan de estímulo para intentalo de novo.
 - Crear contextos de aprendizaxe e avaliación que comprometan o alumnado e que o leven a planificar e avaliar as súas realizacións, identificando os avances e as dificultades, de cara a autorregular o seu propio e singular proceso de aprender a aprender.
- **Utilizar as TIC e fomentar o traballo cooperativo,** para acadar a adquisición de ferramentas sociais

básicas como son a iniciativa, a colaboración, o respecto ás normas e aos principios da comunicación. Obriga ao alumnado a organizarse e distribuír unha serie de tarefas como a procura de todo tipo de información (escrita, gráfica, musical, etc), a organización e selección desa información, a presentación e exposición desa información. Durante o proceso de elaboración o alumnado ha de valorar as súas habilidades e intereses persoais e respectar as eleccións dos outros membros do grupo. Programaremos traballos que impliquen a procura de información na rede e que versarán sobre aspectos culturais diversos.

- **Facilitar a aprendizaxe autónoma:** proporáanse actividades que esixan que os alumnos e as alumnas establezan as súas propias conclusións ou ben que leven a cabo unha procura de datos en diferentes fontes e, tras un proceso de análise, elabore un informe e estableza as súas propias conclusións.
- **Fomentar o esforzo persoal e o hábito de traballo:** mediante a realización de actividades individuais periódicas e frecuentes (cuestións morfosintácticas ou léxicas, comentario de textos, aprendizaxe memorístico das paradigmas) preténdese que o alumnado adquira hábitos de organización, esforzo, disciplina no estudo e perseveranza. A práctica case diaria da tradución contribúe a desenvolver o uso do razoamento lóxico e da análise, e a valorar a memoria e a capacidade crítica.
- **Fundamentar o estudo da gramática na análise e tradución de textos relacionados co legado cultural.** Pretendemos que o alumnado descubra o apaixonante mundo da cultura latina nos textos e aprenda simultaneamente vocabulario, morfoloxía e sintaxe.
 - Na maioría dos casos, antes de abordar a tradución é necesaria a explicación duns contidos gramaticais previos e a realización dunha serie de actividades de reforzo e consolidación.
 - Seleccionaremos textos accesibles ao nivel do alumnado. A práctica da tradución será **gradual, suxestiva** por seu contido, **continuada** e **controlada**.
 - A correcta interpretación dun fragmento implicará a súa **contextualización**, a análise dos aspectos gramaticais e a captación e comentario da mensaxe que aparece nel.
 - Recorreráse á lectura de fragmentos traducidos de autores latinos para completar os contidos culturais.
 - O comentario de texto irá apoiado de **material audiovisual:** presentacións (Power Point), mapas, gráficos, vídeos, etc.
- **Propoñer variedade de actividades** para conseguir a aprendizaxe, sen esquecer o carácter gradual e a necesaria ordenación das actividades con este criterio: **do máis sinxelo e fácil ó máis complexo e difícil**. O latín é unha lingua moi gramatical que require un grao elevado de lóxica. Isto supón que temos que adestrar a nosa mente, obrígala a reflexionar e a elaborar constantemente hipóteses diversas. Pero, para simplificar algo a nosa tarefa, debemos crear unhas respostas automáticas, a modo de reflexos condicionados, que permitan progresar de forma máis rápida cara á meta final. Isto só se consegue mediante a **repetición constante de exercicios e construcións gramaticais reiterativas**.
- **Contrastar lingüisticamente o latín e o castelán e o galego**, prestando especial atención a etimoloxía, para favorecer unha aprendizaxe doutras linguas romances.

2. Estratexias metodolóxicas

Empregaremos estratexias de ensino que favorezan a gradación e a evolución positiva da aprendizaxe, como a versatilidade das actividades e a autonomía da aprendizaxe.

Os aspectos máis importantes da nosa proposta resumiríanse no seguinte:

- Memorización comprensiva dos paradigmas gramaticais e dos contidos culturais.
- Tradución de textos latinos seleccionados sobre os que versarán as explicacións gramaticais pertinentes.
- Resolución de exercicios de retroversión.
- Análise morfosintáctica das palabras dos textos.
- Comparación das estruturas morfosintácticas máis representativas da lingua latina coas do galego e castelán para percibir a súa conexión e dependencia.
- Resolución de exercicios sobre aspectos gramaticais, culturais e léxicas.
- Análise de prefixos, sufixos e lexemas de orixe grega e latina.
- Lectura e comentario de textos traducidos de autores latinos e contemporáneos.
- Elaboración de esquemas e sínteses.
- Análise de documentos, gráficos e mapas.
- Realización de traballos de investigación, de xeito individual ou cooperativo, sobre o legado cultural.

3. **Secuenciación habitual de traballo na aula**

1. **Actividades de introdución, motivación e coñecementos previos:**

- Coñecemento detallado por parte do alumnado dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, etc., da unidade didáctica, co fin de que saiba por onde se move e que sentido teñen as actividades que se realizan.
- Introdución motivadora por parte da profesora, onde se sinalen os elementos máis atractivos, por actuais e interdisciplinares, do tema que se vai a tratar.
- Debate e actividade pregunta-resposta sobre o tema introducido pola profesora, co fin de facilitar unha idea precisa de onde se parte.
- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.
- Introdución de cada aspecto lingüístico, sempre que iso sexa posible, mediante as semellanzas ou pervivencia dos mesmos na lingua propia do alumno ou nalgunha do seu coñecemento.
- Utilización dunha dinámica de grupos, sempre que iso sexa posible, para que o alumnado que tende a non participar polo seu carácter, pola súa actitude, pola súa falta de coñecementos previos, etc., teña contacto cos contidos conceptuais e procedimentais a través dos seus iguais, facilitando desta maneira a integración, unha disposición máis favorable por participar nun círculo máis reducido.

2. **Actividades de desenvolvemento**

- Lectura e comentario de textos traducidos.
- Resumo de textos distinguindo o principal e o secundario.
- Lectura e comentario dunha comedia de Plauto e unha selección das obras de Livio, Ovidio, Tácito e Catulo.

- Lectura comprensiva do tema de cultura.
- Resolución de exercicios sobre aspectos gramaticais ou culturais (escritos ou interactivos) e tradución directa e inversa de oracións e/ou textos.
- Análise morfosintáctica de textos latinos, orixinais ou adaptados, e a súa correspondente tradución, seguindo os seguintes pasos:
 - i. Lectura previa en voz alta corrixida pola profesora.
 - j. Análise do vocabulario (evolución, composición, derivación, valor cultural, etc.).
 - k. Análise gramatical:
 - Illar as oracións e as proposicións.
 - Recoñecer as formas gramaticais.
 - Establecer as relacións sintácticas (sintagmas, concordancias, etc.).
 - l. Tradución literal.
- Descubrimento nos textos traducidos da parte lingüística, cultural e de léxico de interese para a unidade que se está traballando. A información cos contidos mínimos quedarán explicitamente apuntados no caderno de clase do alumno ou alumna.
- Selección e comentario do vocabulario de interese pola súa frecuencia de uso ou pola súa relación con obxectivos léxicos ou culturais.
- Resolución de exercicios de léxico: composición, derivación, evolución fonética, locucións e expresións latinas de usos actual.

Do conxunto total de actividades de desenvolvemento que cada unidade ofrece, a profesora, á vista do ritmo de aprendizaxe do grupo e da diversidade do mesmo decidirá cales realizar con maior profusión e cales non.

3. Actividades de síntese-resumen:

- Visualización da materia lingüística e cultural incluída en cada unidade ou conxunto de unidades mediante fichas gramaticais globalizadoras, gráficos, paradigmas, esquemas, mapas, etc.
- Confección de sínteses ou resúmenes coa recapitulación das cuestións tratadas.

4. Actividades de consolidación, recuperación e ampliación:

- Realización de esquemas e exercicios apropiados e o abundantes e variados que sexa preciso, co fin de afianzar os contidos lingüísticos, culturais e léxicos traballados na unidade.
- Cuestionarios, debates ou resúmenes sobre vídeos didácticos e secuencias de películas históricas; realizarase o visionado completo de películas se o horario e as circunstancias concretas de aproveitamento son favorables.
- Prepararanse exercicios de dificultade graduada e breves para os temas lingüísticos e léxicos para o alumnado con problemas na asimilación dos diversos contidos. Para os temas culturais pediráselles a realización de breves lecturas e esquemas das mesmas.
- Mentres se realizan estas actividades de recuperación, o alumnado que alcanzase satisfactoriamente os contidos propostos, realizará tarefas preparadas de antemán para profundar nos mesmos, como realización de pequenos traballos de investigación sobre temas culturais, lecturas complementarias e ampliación de léxico da propia lingua relacionado co tema, mediante dicionarios, enciclopedias ou textos apropiados.

5. Actividades de avaliación:

- Observación directa do traballo do alumnado na aula.
- Probas orais ou escritas ao final de cada unidade didáctica co fin de analizar a consecución dos obxectivos propostos.
- Exposicións orais sobre os contidos culturais.
- Análise de producións: caderno, comentarios, mapas, esquemas, resumes, exercicios gramaticais, traducións, traballos de investigación.

2.- Outras decisión metodolóxicas

1.- Agrupamentos

- a. Gran grupo, procurando que as intervencións orais non sexan monopolizadas sempre pola mesma persoa.
- b. Individual.
- c. Grupos de 2-4 alumnos-as heteroxéneos e rotatorios.

2. Tempos

Tentaremos axustar cada unidade didáctica á temporalización que figura na táboa de contidos. Calquera desvío do programado será analizado e reflectido na memoria final co fin de introducir as oportunas correccións nesta programación didáctica.

3. Espazos

- a. Aula.
- b. Biblioteca (se o protocolo sanitario asociado a mobilidade do plan de contixencia o permite)
- c. Aula de Informática (se o protocolo sanitario asociado a mobilidade do plan de contixencia o permite)..

4. Materiais

- a. Libro de texto recomendado: J. L. Navarro González, J. M^a Rodríguez Jiménez: **Latín. Bachillerato II**. Ed. Anaya.
- b. Diccionario Ilustrado Latino. Latino-Español/ Español-Latino. Ed. VOX
- c. Lecturas recomendadas:
 - Historiografía: Livio, *Ab urbe condita* I, 56, 4-60.
 - Oratoria: Tácito, *Agrícola*, 29-38.
 - Épica: Ovidio, *Metamorfoses*, I, 452-567; IV, 55-166; X, 1-71.
 - Lírica: Catulo, *Carmina* 51, 2, 86, 87, 109, 5, 7, 3, 85, 70, 8, 11.
 - Teatro: calquera comedia de Plauto; esta lectura pode ser substituída pola película *Golfus de Roma*.
- d. Material bibliográfico situado no departamento e na biblioteca: antoloxías de autores latinos, libros de consulta, novelas históricas ambientadas na antiga Roma (*Laureles de ceniza*, *Yo Claudio* ...)
- e. Material audiovisual: vídeos, documentais e diapositivas.
- f. Materiais elaborados polo Departamento: fichas gramaticais sobre morfoloxía e sintaxe, fichas sobre gramática histórica (evolución fonética) e composición e derivación; esquemas, gráficos e resúmenes sobre cuestións culturais: historia, institucións, vida cotiá etc.
- g. Mapas para os temas xeográficos e históricos.
- h. O caderno do propio alumnado no que recollerá o seu traballo persoal. Será un punto de referencia básico para o seguimento e avaliación do seu progreso ou da ausencia deste.
- i. Pizarra dixital, ordenador e canon de imaxe.

5. Recursos didácticos

- a. *Presentacións en PowerPoint* sobre temas culturais e de morfosintaxe latina.
- b. Utilización de enlaces a diferentes páxinas web de interese, para desenvolver diversos aspectos tratados nas unidades didácticas e con exercicios interactivos.
 - <http://www.chironweb.org/wiki/index.php/Portada>
 - <http://www.luduslitterarius.net/>
 - www.culturaclasica.net
 - <http://www.culturaclasica.com>
 - <http://www.iesfuente.org/departamentos/latin/>
 - http://recursos.cnice.mec.es/latingriego/Palladium/_comun/eshome.php
 - <http://www.geocities.com/eseducativa/enlaceculturaClasic.html>
 - <http://roble.pntic.mec.es/~lorbanej/>
 - <http://alerce.pntic.mec.es/~rmarti41>
 - <http://olmo.pntic.mec.es/cviloria/portada.htm>
 - <https://sites.google.com/site/carloscabanillas/>
- c. Blogs administrados por profesores de clásicas:
 - <http://almacendeclassicas.blogspot.com.es/>
 - <http://pompeyascarlatti.blogspot.com.es/>
 - <http://latinpraves.blogspot.com.es/>
 - <http://www.chironweb.org/blogs/>

7.- AVALIACIÓN

Inicial, continua, final, extraordinaria. Pendentes

1. Procedementos de avaliación inicial

Data de realización

Nas dúas primeiras semanas do mes de outubro.

En que consistirá?

- Observación do proceso de ensinanza- aprendizaxe.
- Preguntas directas aos alumnos sobre o seu coñecemento e dominio de determinados conceptos e procedementos.
- Proba escrita para verificar os coñecementos gramaticais en lingua castelá ou galega. O cuestionario tamén incluírá preguntas sobre aspectos históricos, xeográficos e lingüísticos relacionados coa materia.

Información á familia

As familias do alumnado serán informadas a través da titoría no caso que se detecte unha importante falta de coñecementos previos.

Consecuencias dos resultados

Permitirá identificar en qué estándares de aprendizaxe existen dificultades no conxunto do grupo ou en determinados alumnos-as. A información recompilada servirá para marcar o punto de partida do proceso de ensinanza e para tomar medidas de educación educativa: plans de apoio e reforzo nos casos necesarios.

2.- Procedemento avaliación continua

Temporalización

No **primeiro trimestre** realizaranse tres probas escritas

Na **segunda e terceira avaliación** contemplamos facer dúas probas escritas.

Cualificación

- Probas escritas

As dúas primeiras probas tratarán de avaliar principalmente os coñecementos adquiridos o curso pasado:

- a. Revisión da morfoloxía nominal (substantivos, adxectivos, grao de adxectivo) e verbal (voz activa do tema de presente e perfecto), e revisión da sintaxe casual e as oracións simples e coordinadas.
 - Cuestións gramaticais: **seis puntos**.
 - Tradución: **catro puntos**.
- b. Revisión da morfoloxía pronominal e verbal (voz pasiva do tema de presente e perfecto), da sintaxe do infinitivo e o participio e dos valores de “cum” e “ut”.
 - Cuestións gramaticais: **seis puntos**.
 - Tradución: **catro puntos**.

O resto das probas constarán das seguintes cuestións e valoracións:

1. **Tradución** (Puntuación máxima: **6 puntos**)

O alumnado, coa axuda do dicionario, deberá demostrar o seu coñecemento da lingua latina mediante a tradución dun texto literario de Eutropio ou Fedro entre tres e cinco liñas.

Os textos que se propoñan terán notas introdutorias e explicativas tanto do seu senso xeral coma das súas posibles dificultades particulares.

Valorarase a exactitude e precisión no contido e a corrección do resultado na lingua de destino.

Considerarase como erro grave a falta de coherencia entre a análise morfolóxica e sintáctica, e entre a sintáctica e a tradución.

2. **Gramática** (Puntuación máxima: **1,5 puntos**)

O alumnado deberá analizar morfosintacticamente un fragmento do texto que se traduce.

Valorarase que se expliquen correctamente todas as unidades morfolóxicas do fragmento e as estruturas sintácticas a que dan lugar.

3. **Literatura** (Puntuación máxima: **1,5 puntos**)

As preguntas sobre os contidos literarios versarán sobre os autores e as obras que o alumnado tivo que ler: contexto histórico-cultural, contidos e liñas argumentais, estilo, xénero...

Valorarase a exactitude, cantidade e calidade dos contidos referidos exclusivamente ao tema preguntado, e a claridade e corrección gramatical da exposición.

4. **Léxico** (Puntuación máxima: 1 punto)

O alumnado terá que responder a cuestións relacionadas co significado de expresións latinas, prefixos e sufixos que forman parte da composición das palabras ou evolución de termos latinos.

Valorarase a explicación precisa e clara de cada aspecto concreto.

Será necesario, para obter unha cualificación positiva, ter superado o 50% de cada un dos apartados anteriores.

O alumno ou alumna acadará unha cualificación positiva se a media dos exames é un cinco.

- **Traballos individuais ou colectivos.**

O alumnado realizará traducións de textos latinos e comentarios de textos traducidos, analizará as estruturas e trazos literarios deles e deberá recoñecer o papel da literatura clásica nas literaturas occidentais.

O comentario versará sobre textos con sentido completo de diversos xéneros literarios e a súa comparación con textos da literatura posterior, especialmente a escrita en galego e castelán nos que sobrevivan trazos, temas ou tópicos da literatura latina.

Preténdese que o alumnado capte a mensaxe contida na obra, as claves do xénero e o seu contexto histórico.

Na elaboración do informe valoraremos:

- a. Cantidade e calidade de fontes e recursos utilizados: 10%.
- b. Análise e síntese da información: 30%
- c. Redacción, presentación e ortografía: 20%.
- d. Selección de imaxes: 10%
- e. Participación e colaboración no caso dos traballos en grupo. Interese e esforzo no caso dos traballos individuais: 10%
- f. Exposición oral das conclusións: 20%.

No caso de que non houbera presentación oral, este 20% sumarase ao ítem b.

- **Traballo na aula**

Os instrumentos para avalialo serán o **caderno do alumno-a** e **listas de control** no caderno da profesora.

Para valorar o **caderno** utilizaremos unha **rúbrica** na que valoraremos:

- d. Presentación: limpeza e claridade.
- e. Contidos: actividades resoltas e corrixidas, cantidade e calidade da información básica recollida.
- f. Organización: orden nos contidos.

Nas **listas de control** anotaremos o traballo diario do alumnado na clase e a realización de actividades feitas na casa.

- **Observación sistemática e rexistro**

Recolleremos no caderno de notas da profesora información sobre:

- a. Comportamento adecuado na aula: actitude de respecto cara os compañeiros e a profesora, non interrupción da marcha da clase e respecto ás normas de convivencia, asistencia a clase e puntualidade.
- b. Actitude ante a materia: interese pola aprendizaxe, participación na clase, realización no prazo previsto

dos exercicios encomendados, atención e esforzo.

Para poder establecer unha cualificación numérica destes aspectos, o alumno-a parte ao comezo da avaliación cunha cualificación de "10". No noso caderno de notas rexistraremos como puntos negativos a ausencia de traballo na casa e na aula e o comportamento e actitude indebida.

Ponderación e redondeo

A cualificación final de cada avaliación será o resultado da suma de:

- Media aritmética das probas escritas: 80%.
No caso de que non se realizasen traballos de investigación a ponderación será dun 90%
- Traballos individuais ou colectivos: 10%.
- Caderno do alumnado: 5 %.
- Actitude, comportamento e traballo na aula e na casa: 5%.

O redondeo establécese á alza a partires de 0,50 centésimas e á baixa con 0,49 centésimas ou menos.

Recuperación dunha avaliación non superada

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, polo que implicará un seguimento do proceso e dos resultados das aprendizaxes ao longo de todo o curso. En cada avaliación intentarase que existan probas escritas que recollan contidos da avaliación anterior, de maneira que se poida valorar a progresión do alumnado na materia. O progresivo melloramento nos aspectos lingüísticos da materia implica que aprobar a segunda avaliación significa recuperar a primeira se a tivese suspensa e o mesmo na terceira en relación coa segunda.

Os coñecementos sobre cultura e civilización latina poderanse recuperar realizando unha proba por escrito na avaliación posterior. Se o alumno suspendese por non entregar un traballo ou por non facelo correctamente, deberá realizalo adecuadamente para poder superar a avaliación.

3.- Procedemento avaliación final

Quen debe ir á avaliación final?

En xuño realizarase una proba escrita para o alumnado que non aprobese a terceira avaliación.

A esta proba final poderá presentarse voluntariamente a subir nota o alumnado con avaliación positiva. Se a nota obtida nesta proba fose inferior á media positiva xa alcanzada, non se terá en consideración a cualificación obtida na proba global.

En que consistirá a proba ?

A proba consistirá nun exame coas mesmas características e cualificacións que as probas escritas realizadas durante as avaliacións e incluírá contidos lingüísticos e culturais das tres avaliacións.

Será necesario, para obter unha cualificación positiva, ter superado o 50% da parte lingüística.

Para superar a materia o alumno ou alumna deberá alcanzar, como mínimo un 5.

O redondeo establécese á alza a partires de 0,50 centésimas e á baixa con 0,49 centésimas ou menos.

Que estándares se van avaliar? Avaliación pendentas, todos, ...

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances

- **LA2B1.2.1.** Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de

evolución, e reconece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino.

Bloque 2. Morfoloxía

- **LA2B2.3.1.** Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.

Bloque 3. Sintaxe

- **LA2B3.2.1.** Reconece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.
- **LA2B3.3.1.** Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán.

Bloque 4. Literatura latina

- **LA2B4.2.1.** Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.
- **LA2B4.3.2.** Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.

Bloque 5. Textos

- **LA2B5.1.1.** Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.
- **LA2B5.2.1.** Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.

Bloque 6. Léxico

- **LA2B6.4.1.** Reconece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.

Como se elabora a cualificación final? Ponderación e redondeos.

A cualificación final é o resultado da nota media ponderada dos tres trimestres, tendo en conta que os últimos teñen máis valor. O factor de ponderación será o seguinte:

- 1º avaliación: 20% da nota final.
- 2º avaliación: 30 % da nota final.
- 3º avaliación: 50% da nota final.

Que criterios segue o centro para a promoción?

Segundo o Decreto 86/2015 do 25 de xuño a promoción do alumnado dun curso a outro será decidida de xeito colexiado polo profesorado, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes tendo en conta:

- d. Os alumnos e as alumnas promocionarán de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo.
- e. Repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
- f. De xeito excepcional promocionará un alumno ou unha alumna con avaliación negativa en dúas

materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna poden seguir con éxito o curso seguinte, que teñen expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, e sempre que se lle apliquen ao alumno ou á alumna medidas de atención educativa.

4.- Procedemento de avaliación extraordinaria

Tipo de proba que se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas.

A avaliación extraordinaria de setembro consistirá nunha **proba escrita** que terá a seguinte estrutura:

a. **Tradución** (Puntuación máxima: **6 puntos**)

Tradución dun texto literario de Eutropio ou Fedro entre tres e cinco liñas.

Considerarase grave a falta de coherencia entre a análise morfolóxica e sintáctica, e entre a sintáctica e a tradución.

b. **Gramática** (Puntuación máxima: **1,5 puntos**)

Análise morfosintáctica dun fragmento do texto proposto para traducir.

c. **Literatura** (Puntuación máxima: **1,5 puntos**)

As preguntas sobre os contidos literarios versarán sobre os autores e as obras que o alumnado tivo que ler: contexto histórico-cultural, contidos e liñas argumentais, estilo, xénero...

Valorarase a exactitude, cantidade e calidade dos contidos referidos exclusivamente ao tema preguntado, e a claridade e corrección gramatical da exposición.

d. **Léxico** (Puntuación máxima: **1 punto**)

Cuestións léxicas (etimoloxía, latinismos, composición e derivación, evolución fonética).

Como se cualifica, redondeos.

Será necesario, para obter unha cualificación positiva, ter superado o 50% de cada un dos apartados anteriores.

O redondeo establécese á alza a partir de 0,50 centésimas e á baixa con 0,49 centésimas ou menos.

5.- Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes

Como se fará o seguimento: clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento,

O xefe do Departamento de Grego estará a disposición do alumnado para calquera dúbida ou explicación que fose precisa. Faranse **reunións periódicas** co alumnado afectado para que expoñan tódalas dificultades que teñan coa materia. Ademais de explicar e de aclarar dúbidas entregaráselle **fichas de reorientación** para que o alumnado as reelabore, atendendo as particulares dificultades de cada momento.

Segundo os obxectivos propostos, tales fichas polarizaranse en torno a catro núcleos:

1º Aprendizaxe dun vocabulario básico.

2º Aprendizaxe gramatical que abarque o nivel morfolóxico e o nivel sintáctico.

3º Práctica de exercicios de tradución.

4º Traballos de indagación sobre aspectos históricos e socioculturais significativos da civilización romana non

asimilados e recollida por escrito das súas conclusións.

Estas fichas serán entregadas nas datas que se indiquen e teranse en conta para superar a materia.

Non se recollerán exercicios nin traballos fóra da data establecida salvo causas debidamente xustificadas.

Como se avalía e cualifica?

Avaliacións parciais

O alumnado coa disciplina de Latín I pendente será avaliado mediante os seguintes procedementos:

- c. Dúas probas escritas, unha en novembro e outra en febreiro. Terán a mesma estrutura e valoración que as aplicadas na proba extraordinaria de setembro: 80% da nota.
- d. Fichas de reorientación: 20 % da nota.

Avaliación final

Se o alumnado non superase a materia pendente nas avaliacións parciais, realizará unha proba escrita na data establecida no calendario de exames de materias pendentes. A proba consistirá en:

- e. Análise morfosintáctico e tradución dun texto: 4 puntos.
- f. Cuestións de tipo morfolóxico (declinación dun sintagma composto por un substantivo e un adxectivo; análise e tradución de formas verbais; conxugación dalgún tempo verbal ou reconstrución de formas nominais : 3 puntos.
- g. Explicar algún aspecto de tipo cultural: 2 puntos.
- h. Cuestións léxicas (etimoloxía, latinismos, composición e derivación, evolución fonética): 1 punto.

Será necesario, para obter unha cualificación positiva, ter superado o 50% da parte lingüística.

Para superar a materia o alumno ou alumna deberá alcanzar, como mínimo un 5.

O redondeo establécese á alza a partires de 0,50 centésimas e á baixa con 0,49 centésimas ou menos.

Avaliación extraordinaria

Na convocatoria extraordinaria en setembro realizarase unha proba escrita coas mesmas características e valoracións que a da avaliación final ordinaria.

8.- OUTRAS AVALIACIÓNS

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				

9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de tutoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,... ?				

2.- Avaliación da programación didáctica

1.- Mecanismo revisión

Con que periodicidade se revisará?

Ao finalizar cada trimestre farase unha revisión da programación, adaptándoa, se fose necesario, ás necesidades detectadas, xa por atraso no seu desenvolvemento, xa pola necesidade de incluír novos apartados. De todo iso deixarase constancia no Libro de actas do Departamento.

Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

- Realizar un número menor de actividades de reforzo e consolidación.
- Reducir a extensión dos textos propostos para a súa análise e tradución.

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica	Escala			
(Indicadores de logro)	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				

Programación Didáctica Latín II

3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Diseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

9.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Medidas de atención á diversidade no presente curso

MEDIDAS ORDINARIAS

Medidas ordinarias	Medias extraordinarias
Organizativas	Curriculares
1. Adecuouse a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo?	1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos

Programación Didáctica Latín II

<p>En 2º de BAC non.</p> <p>2. Tempos diferenciado, horarios específicos, etc.</p> <p>---</p> <p>b) Espazos diferenciados?</p> <p>---</p> <p>3. c) Materiais e recursos didácticos diferenciados?</p> <p>---</p> <p>2. Faise algún desdoblamento de grupos? Non</p> <p>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula? Non</p> <p>4. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a? Non. O alumnado que así o demande será atendido nas horas de lecer para aclarar dúbidas.</p> <p>5. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a? Non</p> <p>6. Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia? Levará o mesmo traballo que se estea a realizar na aula de referencia.</p>	<p>heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.? Non é necesaria ningunha adaptación extraordinaria no curso actual.</p> <p>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a? Non.</p> <p>3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO?</p> <p>4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)?</p> <p>5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia? Non.</p> <p>6. Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia? Non.</p>
---	---

Medidas de atención á diversidade no presente curso

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Medidas ordinarias	Medias extraordinarias
Organizativas	Curriculares
<p>1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL? Ningún en 1º de BAC.</p> <p>2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)? Non hai alumnos estranxeiros que cursen a materia de Latín I.</p> <p>3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(Al. estranxeiro)? Non.</p> <p>4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.?</p>	<p>1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas? Ningunha.</p> <p>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico? Non</p> <p>3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)? Non</p> <p>4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización? Non</p>

Non.	5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc
------	---

- **Utilizar as TIC e fomentar o traballo cooperativo,** para acadar a adquisición de ferramentas sociais

básicas como son a iniciativa, a colaboración, o respecto ás normas e aos principios da comunicación. Obriga ao alumnado a organizarse e distribuír unha serie de tarefas como a procura de todo tipo de información (escrita, gráfica, musical, etc), a organización e selección desa información, a presentación e exposición desa información. Durante o proceso de elaboración o alumnado ha de valorar as súas habilidades e intereses persoais e respectar as eleccións dos outros membros do grupo. Programaremos traballos que impliquen a procura de información na rede e que versarán sobre aspectos culturais diversos.

- **Facilitar a aprendizaxe autónoma:** proporanse actividades que esixan que os alumnos e as alumnas establezan as súas propias conclusións ou ben que leven a cabo unha procura de datos en diferentes fontes e, tras un proceso de análise, elabore un informe e estableza as súas propias conclusións.
- **Fomentar o esforzo persoal e o hábito de traballo:** mediante a realización de actividades individuais periódicas e frecuentes (cuestións morfosintácticas ou léxicas, comentario de textos, aprendizaxe memorístico das paradigmas) preténdese que o alumnado adquiera hábitos de organización, esforzo, disciplina no estudo e perseveranza. A práctica case diaria da tradución contribúe a desenvolver o uso do razoamento lóxico e da análise, e a valorar a memoria e a capacidade crítica.
- **Fundamentar o estudo da gramática na análise e tradución de textos relacionados co legado cultural.** Pretendemos que o alumnado descubra o apaixonante mundo da cultura grega nos textos e aprenda simultaneamente vocabulario, morfoloxía e sintaxe.
 - Na maioría dos casos, antes de abordar a tradución é necesaria a explicación duns contidos gramaticais previos e a realización dunha serie de actividades de reforzo e consolidación.
 - Seleccionaremos textos accesibles ao nivel do alumnado. A práctica da tradución será **gradual, suxestiva** por seu contido, **continuada** e **controlada**.
 - A correcta interpretación dun fragmento implicará a súa **contextualización**, a análise dos aspectos gramaticais e a captación e comentario da mensaxe que aparece nel.
 - Recorreráse á lectura de fragmentos traducidos de autores gregos para completar os contidos culturais.
 - O comentario de texto irá apoiado de **material audiovisual:** presentacións (Power Point), mapas, gráficos, vídeos, etc.
- **Propoñer variedade de actividades** para conseguir a aprendizaxe, sen esquecer o carácter gradual e a necesaria ordenación das actividades con este criterio: **do máis sinxelo e fácil ó máis complexo e difícil**. O grego é unha lingua moi gramatical que require un grao elevado de lóxica. Isto supón que temos que adestrar a nosa mente, obrígala a reflexionar e a elaborar constantemente hipóteses diversas. Pero, para simplificar algo a nosa tarefa, debemos crear unhas respostas automáticas, a modo de reflexos condicionados, que permitan progresar de forma máis rápida cara á meta final. Isto só se consegue mediante a **repetición constante de exercicios e construcións gramaticais reiterativas**.
- **Contrastar lingüisticamente o grego e o castelán e o galego**, prestando especial atención a etimoloxía, para favorecer unha aprendizaxe doutras linguas romances.

2. Estratexias metodolóxicas

Empregaremos estratexias de ensino que favorezan a gradación e a evolución positiva da aprendizaxe, como a versatilidade das actividades e a autonomía da aprendizaxe.

Os aspectos máis importantes da nosa proposta resumiríanse no seguinte:

- Memorización comprensiva dos paradigmas gramaticais e dos contidos culturais.
- Tradución de textos gregos seleccionados sobre os que versarán as explicacións gramaticais pertinentes.
- Resolución de exercicios de retroversión.
- Análise morfosintáctica das palabras dos textos.
- Comparación das estruturas morfosintácticas máis representativas da lingua grega coas do galego e castelán para percibir a súa conexión e dependencia.
- Resolución de exercicios sobre aspectos gramaticais, culturais e léxicas.
- Análise de prefixos, sufixos e lexemas de orixe grega.
- Lectura e comentario de textos traducidos de autores gregos e contemporáneos.
- Elaboración de esquemas e sínteses.
- Análise de documentos, gráficos e mapas.
- Realización de traballos de investigación, de xeito individual ou cooperativo, sobre o legado cultural.

3. **Secuenciación habitual de traballo na aula**

1. **Actividades de introdución, motivación e coñecementos previos:**

- Coñecemento detallado por parte do alumnado dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, etc., da unidade didáctica, co fin de que saiba por onde se move e que sentido teñen as actividades que se realizan.
- Introducción motivadora por parte da profesora, onde se sinalen os elementos máis atractivos, por actuais e interdisciplinares, do tema que se vai a tratar.
- Debate e actividade pregunta-resposta sobre o tema introducido pola profesora, co fin de facilitar unha idea precisa de onde se parte.
- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.
- Introducción de cada aspecto lingüístico, sempre que iso sexa posible, mediante as semellanzas ou pervivencia dos mesmos na lingua propia do alumno ou nalgunha do seu coñecemento.
- Utilización dunha dinámica de grupos, sempre que iso sexa posible, para que o alumnado que tende a non participar polo seu carácter, pola súa actitude, pola súa falta de coñecementos previos, etc., teña contacto cos contidos conceptuais e procedimentais a través dos seus iguais, facilitando desta maneira a integración, unha disposición máis favorable por participar nun círculo máis reducido.

2. **Actividades de desenvolvemento**

- Lectura e comentario de textos traducidos.
- Resumo de textos distinguindo o principal e o secundario.
- Lectura e comentario do libro *Así vivieron en la antigua Grecia* de Raquel López Melero. Grupo Anaya. Madrid 2009.

- Lectura comprensiva do tema de cultura.
- Resolución de exercicios sobre aspectos gramaticais ou culturais (escritos ou interactivos) e tradución directa e inversa de oracións e/ou textos.
- Análise morfosintáctica de textos gregos, orixinais ou adaptados, e a súa correspondente tradución, seguindo os seguintes pasos:
 - m. Lectura previa en voz alta corrixida pola profesora.
 - n. Análise do vocabulario (evolución, composición, derivación, valor cultural, etc.).
 - o. Análise gramatical:
 - Illar as oracións e as proposicións.
 - Recoñecer as formas gramaticais.
 - Establecer as relacións sintácticas (sintagmas, concordancias, etc.).
 - p. Tradución literal.
- Descubrimento nos textos traducidos da parte lingüística, cultural e de léxico de interese para a unidade que se está traballando. A información cos contidos mínimos quedarán explicitamente apuntados no caderno de clase do alumno ou alumna.
- Selección e comentario do vocabulario de interese pola súa frecuencia de uso ou pola súa relación con obxectivos léxicos ou culturais.
- Resolución de exercicios de léxico: composición, derivación, evolución fonética, helenismos.

Do conxunto total de actividades de desenvolvemento que cada unidade ofrece, a profesora, á vista do ritmo de aprendizaxe do grupo e da diversidade do mesmo decidirá cales realizar con maior profusión e cales non.

3. Actividades de síntese-resumen:

- Visualización da materia lingüística e cultural incluída en cada unidade ou conxunto de unidades mediante fichas gramaticais globalizadoras, gráficos, paradigmas, esquemas, mapas, etc.
- Confección de sínteses ou resúmenes coa recapitulación das cuestións tratadas.

4. Actividades de consolidación, recuperación e ampliación:

- Realización de esquemas e exercicios apropiados e o abundantes e variados que sexa preciso, co fin de afianzar os contidos lingüísticos, culturais e léxicos traballados na unidade.
- Cuestionarios, debates ou resúmenes sobre vídeos didácticos e secuencias de películas históricas; realizarase o visionado completo de películas se o horario e as circunstancias concretas de aproveitamento son favorables.
- Prepararanse exercicios de dificultade graduada e breves para os temas lingüísticos e léxicos para o alumnado con problemas na asimilación dos diversos contidos. Para os temas culturais pediráselles a realización de breves lecturas e esquemas das mesmas.
- Mentres se realizan estas actividades de recuperación, o alumnado que alcanzase satisfactoriamente os contidos propostos, realizará tarefas preparadas de antemán para profundar nos mesmos, como realización de pequenos traballos de investigación sobre temas culturais, lecturas complementarias e ampliación de léxico da propia lingua relacionado co tema, mediante dicionarios, enciclopedias ou textos apropiados.

5. Actividades de avaliación:

- Observación directa do traballo do alumnado na aula.
- Probas orais ou escritas ao final de cada unidade didáctica co fin de analizar a consecución dos obxectivos propostos.

2.- Outras decisión metodolóxicas

- Análise de producións: caderno, comentarios, mapas, esquemas, resúmenes, exercicios

1.- Agrupamentosais, traducións, traballos de investigación.

- Gran grupo, procurando que as intervencións orais non sexan monopolizadas sempre pola mesma persoa.
- Individual.
- Grupos de 2-4 alumnos-as heteroxéneos e rotatorios.

2. Tempos

Tentaremos axustar cada unidade didáctica á temporalización que figura na táboa de contidos. Calquera desvío do programado será analizado e reflectido na memoria final co fin de introducir as oportunas correccións nesta programación didáctica.

3. Espazos

- Aula.
- Biblioteca (se o protocolo sanitario asociado a mobilidade do plan de contixencia o permite)
- Aula de Informática (se o protocolo sanitario asociado a mobilidade do plan de contixencia o permite).

4. Materiais

- Libro de texto recomendado: J. L. Navarro González, J. M^a Rodríguez Jiménez: **Grego. Bachillerato I**. Ed. Anaya.
- Libro de lectura: Josefa Espinós et alii: *Así vivieron en la Grecia Antigua*. Grupo Anaya. Madrid 2010.
- Material bibliográfico situado no departamento e na biblioteca: antoloxías de autores gregos, libros de consulta.
- Material audiovisual: vídeos, documentais e diapositivas.
- Materiais elaborados polo Departamento: fichas gramaticais sobre morfoloxía e sintaxe, fichas sobre transcrición e composición e derivación; esquemas, gráficos e resúmenes sobre cuestións culturais: historia, institucións, vida cotiá etc.
- Mapas para os temas xeográficos e históricos.
- O caderno do propio alumnado no que irá elaborando a gramática que vaia descubrindo na clase ó traducir os textos seleccionados.
- Pizarra dixital, ordenador e canon de imaxe.

5. Recursos didácticos

- Presentacións en PowerPoint* sobre temas culturais e de morfosintaxe grega.
- Utilización de enlaces a diferentes páxinas web de interese, para desenvolver diversos aspectos tratados nas unidades didácticas e con exercicios interactivos.
 - <http://www.chironweb.org/wiki/index.php/Portada>
 - <http://www.luduslitterarius.net/>

- www.culturaclasica.net
- <http://www.culturaclasica.com>
- <http://griegoweb.com/>
- http://recursos.cnice.mec.es/latingriego/Palladium/_comun/eshome.php
- <http://www.geocities.com/eseducativa/enlaceculturaClasic.html>
- <http://roble.pntic.mec.es/~lorbanej/>
- <https://edu.symboloo.com/mix/miaspasiaple>
- <http://perso.wanadoo.es/diegopraves1/Griego/index.htm>
- <http://www.slideshare.net/miaspasia/presentations>
- <https://sites.google.com/site/carloscabanillas/>

c. Blogs administrados por profesores de clásicas:

- <http://almacendeclasicas.blogspot.com.es/>
- <http://linguagraeca.blogspot.com.es/>
- <http://lisiasyeufileto.blogspot.com.es/>
- <http://www.chironweb.org/blogs/>

7.- AVALIACIÓN

Inicial, continua, final, extraordinaria. Pendentes

1. Procedementos de avaliación inicial

Data de realización

Nas dúas primeiras semanas do mes de outubro.

En que consistirá?

- Observación do proceso de ensinanza- aprendizaxe.
- Preguntas directas aos alumnos sobre o seu coñecemento e dominio de determinados conceptos e procedementos.
- Proba escrita para verificar os coñecementos gramaticais en lingua castelá ou galega. O cuestionario tamén incluíra preguntas sobre aspectos históricos, xeográficos e lingüísticos relacionados coa materia.

Información á familia

As familias do alumnado serán informadas a través da titoría no caso que se detecte unha importante falta de coñecementos previos.

Consecuencias dos resultados

Permitirá identificar en qué estándares de aprendizaxe existen dificultades no conxunto do grupo ou en determinados alumnos-as. A información recompilada servirá para marcar o punto de partida do proceso de ensinanza e para tomar medidas de educación educativa: plans de apoio e reforzo nos casos necesarios.

2.- **Procedemento avaliación continua**

Temporalización

Contemplamos facer tres probas escritas por avaliación. con cuestións de cinco bloques: morfoloxía, sintaxe, legado cultural, léxico e textos. En cada proba teranse en conta estándares de aprendizaxe de unha unidade didáctica agás na última proba que é unha compilación de todo o estudado ó longo do curso.

Cualificación

- **Probas escritas**

Constarán das seguintes cuestións e valoracións:

- a. Analizar morfosintacticamente e traducir un texto: 40%

O alumnado deberá recoñecer as diferentes formas nominais, pronominais e verbais e as funcións do sistema verbal e declinacións e apreciar a súa correspondencia coa lingua castelá ou galega. Preténdese comprobar se o alumno ou alumna é capaz de comprender o contido esencial dun texto e adquiriu as nocións morfosintácticas que lle permitan identificar formas e funcións.

Nos exercicios de tradución valorarase como erro grave a falta de coherencia entre a análise morfolóxica e sintáctica, e entre a sintáctica e a tradución. Do mesmo xeito, terase moi en conta o uso correcto do léxico e da sintaxe do castelán ou galego no labor de tradución da lingua grega á propia.

- b. Responder a unhas cuestións de tipo morfolóxico: 30%

Trátase de amosar a comprensión das características peculiares dunha lingua flexiva como é o grego, é dicir, a correcta identificación dos morfemas distintivos das diferentes categorías nominais e verbais.

- c. Explicar algún aspecto de tipo cultural: 20%

Este criterio permitirá comprobar ata que punto o alumno ou alumna profundou na vida e a cultura romana. Valorarase a capacidade de expresión e a corrección ortográfica e gramatical. Cada falta de ortografía restará 0'1 puntos ata un máximo de 1 punto por exame.

- d. Definir a relación etimolóxica entre o léxico grego e o das linguas propias, empregar helenismos na lingua propia, identificar lexemas, prefixos ou sufixos gregos ou aplicar correctamente as regras de transcrición ó castelán ou galego: 10%

- **Traballos individuais ou colectivos.**

Nos traballos de investigación, nas presentacións e nas elaboracións de informes valoraremos:

- a. Cantidade e calidade de fontes e recursos utilizados: 10%.
- b. Análise e síntese da información: 30%
- c. Redacción, presentación e ortografía: 20%.
- d. Selección de imaxes ou interpretación e elaboración de mapas: 10%
- e. Participación e colaboración no caso dos traballos en grupo. Interese e esforzo no caso dos traballos individuais: 10%
- f. Exposición oral das conclusións: 20%.

No caso de que non houbera presentación oral, este 20% sumarase ao ítem b.

- **Traballo na aula**

Os instrumentos para avaliálo serán o **caderno do alumno-a** e **listas de control** no caderno da profesora.

Para valorar o **caderno** utilizaremos unha **rúbrica** na que valoraremos:

- a. Presentación: limpeza e claridade.
- b. Contidos: actividades resoltas e corrixidas, cantidade e calidade da información básica recollida.
- c. Organización: orden nos contidos.

Nas **listas de control** anotaremos o traballo diario do alumnado na clase e a realización de actividades feitas na casa

- **Observación sistemática e rexistro**

Mediante unha **escala de apreciación numérica** valoraremos o comportamento e a actitude.

Recolleremos no caderno de notas da profesora información sobre:

- a. Comportamento adecuado na aula: actitude de respecto cara os compañeiros e a profesora, non interrupción da marcha da clase e respecto ás normas de convivencia, asistencia a clase e puntualidade.
- b. Actitude ante a materia: interese pola aprendizaxe, participación na clase, realización no prazo previsto dos exercicios encomendados, atención e esforzo.

Para poder establecer unha cualificación numérica destes aspectos, o alumno-a parte ao comezo da avaliación cunha cualificación de "10". No noso caderno de notas rexistraremos como puntos negativos a ausencia de traballo na casa e na aula e o comportamento e actitude indebida.

Ponderación e redondeo

A cualificación final de cada avaliación será o resultado da suma de:

- Media aritmética das probas escritas: 70%.
No caso de que non se realizasen traballos de investigación a ponderación será dun 90%
- Traballos individuais ou colectivos: 20%.
- Caderno do alumnado: 5 %.
- Actitude, comportamento e traballo na aula e na casa: 5%.

O redondeo establécese á alza a partires de 0,50 centésimas e á baixa con 0,49 centésimas ou menos.

Recuperación dunha avaliación non superada

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, polo que implicará un seguimento do proceso e dos resultados das aprendizaxes ao longo de todo o curso. En cada avaliación intentarase que existan probas escritas que recollan contidos da avaliación anterior, de maneira que se poida valorar a progresión do alumnado na materia. O progresivo melloramento nos aspectos lingüísticos da materia implica que aprobar a segunda avaliación significa recuperar a primeira se a tivese suspensa e o mesmo na terceira en relación coa segunda.

Os coñecementos sobre cultura e civilización grega poderanse recuperar realizando unha proba por escrito na avaliación posterior. Se o alumno suspendese por non entregar un traballo ou por non facelo correctamente, deberá realizalo adecuadamente para poder superar a avaliación.

3.- Procedemento avaliación final

Quen debe ir á avaliación final?

En xuño realizarase una proba escrita para o alumnado que non aprobase a terceira avaliación.

A esta proba final poderá presentarse voluntariamente a subir nota o alumnado con avaliación positiva. Se a nota obtida nesta proba fose inferior á media positiva xa alcanzada, non se terá en consideración a cualificación obtida na proba global.

En que consistirá a proba ?

A proba consistirá nun exame coas mesmas características e cualificacións que as probas escritas realizadas durante as avaliacións e incluírá contidos lingüísticos e culturais das tres avaliacións.

Será necesario, para obter unha cualificación positiva, ter superado o 50% da parte lingüística.

Para superar a materia o alumno ou alumna deberá alcanzar, como mínimo un 5.

O redondeo establécese á alza a partires de 0,50 centésimas e á baixa con 0,49 centésimas ou menos.

Que estándares se van avaliar? Avaliación pendentes, todos, ...

Bloque 1. Lingua grega

- **GR1B1.1.1.** Localiza nun mapa o marco xeográfico en que ten lugar o nacemento da lingua grega e a súa expansión.
- **GR1B1.8.1.** Sitúa nun mapa as diversas variedades dialectais da lingua grega.

Bloque 2. Sistema de lingua grega: elementos básicos

- **GR1B2.3.1.** Identifica e nomea correctamente os caracteres que forman o alfabeto grego, na súa forma minúscula e maiúscula, e escríbeos e leos
- **GR1B2.4.1.** Sitúa todos os fonemas da lingua grega no cadro clasificatorio dos fonemas e sabe describilos desde o punto e o modo de articulación.
- **GR1B2.5.1.** Coñece as normas de transcripción e aplícaas con corrección na transcripción de termos gregos ao galego e ao castelán.
- **GR1B2.6.1.** Coñece o valor e colocación dos acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación.

Bloque 3. Morfoloxía

- **GR1B3.2.1.** Distingue palabras variables e invariables, explica as características que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.
- **GR1B3.4.1.** Enuncia correctamente diversos tipos de palabras en grego, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasifíndoos segundo a súa categoría e declinación.
- **GR1B3.5.1.** Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.
- **GR1B3.5.2.** Analiza desde o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes e sintagmas de concordancia, e tradúceos correctamente ao galego e/ou ao castelán.
- **GR1B3.6.1.** Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, e explica e

ilustra con exemplos as características que diferencian os conceptos de conxugación e declinación.

- **GR1B3.6.4.** Conxuga os tempos verbais en voz activa e medio pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.
- **GR1B3.6.5.** Analiza morfoloxicamente e traduce ao galego e/ou ao castelán diferentes formas verbais gregas, e compara o seu uso en ambas as linguas.
- **GR1B3.6.6.** Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal.
- **GR1B3.7.1.** Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para as clasificar.

Bloque 4. Sintaxe

- **GR1B4.1.1.** Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos sinxelos identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.
- **GR1B4.2.1.** Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal grega, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma adecuada de traducilos.
- **GR1B4.3.1.** Coñece e aplica a concordancia entre nomes e determinantes nominais, así como entre verbos e suxeitos.
- **GR1B4.4.1.** Analiza correctamente casos e funcións para poder recoñecer cada elemento da oración.
- **GR1B4.5.1.** Compara e clasifica diferentes tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características.
- **GR1B4.8.1.** Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece.
- **GR1B4.10.1.** Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece.
- **GR1B4.11.1.** Identifica e relaciona elementos morfolóxicos da lingua grega para realizar a análise e a tradución de textos sinxelos.

Bloque 5. Grecia: historia, cultura, arte e civilización

- **GR1B5.1.1.** Describe o marco histórico no que xorde e se desenvolve a civilización grega, sinalando distintos períodos dentro del e identificando en cada un as conexións máis importantes con outras civilizacións.
- **GR1B5.2.1.** Describe os principais sistemas políticos da antiga Grecia e compáraos entre eles, establecendo semellanzas e diferenzas, e cos actuais.
- **GR1B5.2.2.** Describe a organización da sociedade grega, explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relaciona estes aspectos cos valores cívicos da época e compáraos cos actuais.
- **GR1B5.3.1.** Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, ana
- **GR1B5.4.2.** Describe as principais formas de lecer da sociedade grega e analiza a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.
- **GR1B5.5.1.** Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, e sinalar os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia. lizando a

tra

- **GR1B5.6.3.** Recoñece referencias mitolóxicas directas ou indirectas en diferentes manifestacións artísticas, e describe, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.
- **GR1B5.7.1.** Enumera e explica as principais características da relixión grega, póndoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.
- **GR1B5.8.1.** Describe e analiza os aspectos relixiosos e culturais que sustentan os certames deportivos da antiga Grecia e a presenza ou ausencia destes nos seus correlatos actuais. Véves deles estereotipos culturais da época e comparándoos cos actuais.

Bloque 6. Textos

- **GR1B6.1.1.** Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.
- **GR1B6.3.1.** Traduce do grego ao galego e/ou ao castelán frases e textos sinxelos.

Bloque 7. Léxico

- **GR1B7.1.2.** Identifica e explica as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos, e tradúceos á propia lingua.
- **GR1B7.3.2.** Identifica a etimoloxía e coñece o significado das palabras de léxico común da lingua propia.
- **GR1B7.5.1.** Relaciona distintas palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.

Como se elabora a cualificación final? Ponderación e redondeos.

A cualificación final é o resultado da nota media ponderada dos tres trimestres, tendo en conta que os últimos teñen máis valor. O factor de ponderación será o seguinte:

- 1º avaliación: 20% da nota final.
- 2º avaliación: 30 % da nota final.
- 3º avaliación: 50% da nota final.

Que criterios segue o centro para a promoción?

Segundo o Decreto 86/2015 do 25 de xuño a promoción do alumnado dun curso a outro será decidida de xeito colexiado polo profesorado, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes tendo en conta:

- g. Os alumnos e as alumnas promocionarán de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo.
- h. Repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
- i. De xeito excepcional promocionará un alumno ou unha alumna con avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna poden seguir con éxito o curso seguinte, que teñen expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, e sempre que se lle apliquen ao alumno ou á alumna medidas de

atención educativa.

4.- Procedemento de avaliación extraordinaria

Tipo de proba que se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas.

A avaliación extraordinaria de setembro consistirá nunha **proba escrita** que terá a seguinte estrutura:

- e. Análise morfosintáctico e tradución dun texto: 4 puntos.
- f. Cuestións de tipo morfolóxico (declinación dun sintagma composto por un substantivo e un adxectivo; análise e tradución de formas verbais; conxugación dalgún tempo verbal ou reconstrución de formas nominais : 3 puntos.
- g. Explicar algún aspecto de tipo cultural: 2 puntos.
- h. Cuestións léxicas (etimoloxía, latinismos, composición e derivación, evolución fonética): 1 punto.

Como se cualifica, redondeos.

Será necesario, para obter unha cualificación positiva, ter superado o 50% de cada un dos apartados anteriores.

O redondeo establécese á alza a partires de 0,50 centésimas e á baixa con 0,49 centésimas ou menos.

5.- Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes

Como se fará o seguimento: clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento,

O xefe do Departamento de Grego estará a disposición do alumnado para calquera dúbida ou explicación que fose precisa. Faranse **reunións periódicas** co alumnado afectado para que expoñan tódalas dificultades que teñan coa materia. Ademais de explicar e de aclarar dúbidas entregaránselle **fichas de reorientación** para que o alumnado as reelabore, atendendo as particulares dificultades de cada momento.

Segundo os obxectivos propostos, tales fichas polarizaranse en torno a catro núcleos:

1º Aprendizaxe dun vocabulario básico.

2º Aprendizaxe gramatical que abarque o nivel morfolóxico e o nivel sintáctico.

3º Práctica de exercicios de tradución.

4º Traballos de indagación sobre aspectos históricos e socioculturais significativos da civilización romana non asimilados e recollida por escrito das súas conclusións.

Estas fichas serán entregadas nas datas que se indiquen e teranse en conta para superar a materia.

Non se recollerán exercicios nin traballos fóra da data establecida salvo causas debidamente xustificadas.

Como se avalía e cualifica?

Avaliacións parciais

O alumnado coa disciplina de Latín I pendente será avaliado mediante os seguintes procedementos:

- e. Dúas probas escritas, unha en novembro e outra en febreiro. Terán a mesma estrutura e valoración

que as aplicadas na proba extraordinaria de setembro: 80% da nota.

- f. Fichas de reorientación: 20 % da nota.

Avaliación final

Se o alumnado non superase a materia pendente nas avaliacións parciais, realizará unha proba escrita na data establecida no calendario de exames de materias pendentes. A proba consistirá en:

- i. Análise morfosintáctico e tradución dun texto: 4 puntos.
- j. Cuestións de tipo morfolóxico (declinación dun sintagma composto por un substantivo e un adxectivo; análise e tradución de formas verbais; conxugación dalgún tempo verbal ou reconstrución de formas nominais : 3 puntos.
- k. Explicar algún aspecto de tipo cultural: 2 puntos.
- l. Cuestións léxicas (etimoloxía, latinismos, composición e derivación, evolución fonética): 1 punto.

Será necesario, para obter unha cualificación positiva, ter superado o 50% da parte lingüística.

Para superar a materia o alumno ou alumna deberá alcanzar, como mínimo un 5.

O redondeo establécese á alza a partires de 0,50 centésimas e á baixa con 0,49 centésimas ou menos.

Avaliación extraordinaria

Na convocatoria extraordinaria en setembro realizarase unha proba escrita coas mesmas características e valoracións que a da avaliación final ordinaria.

8.- OUTRAS AVALIACIÓNS

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado				

2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de tutoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

2.- Avaliación da programación didáctica

1.- Mecanismo revisión

Con que periodicidade se revisará?

Ao finalizar cada trimestre farase unha revisión da programación, adaptándoa, se fose necesario, ás necesidades detectadas, xa por atraso no seu desenvolvemento, xa pola necesidade de incluír novos apartados. De todo iso deixarase constancia no Libro de actas do Departamento.

Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

- Realizar un número menor de actividades de reforzo e consolidación.
- Reducir a extensión dos textos propostos para traducir.

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				

Programación Didáctica Grego I

11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuise e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

9.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Medidas de atención á diversidade no presente curso

MEDIDAS ORDINARIAS

Medidas ordinarias	Medias extraordinarias
Organizativas	Curriculares
1. Adequouse a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo? En 1º BAC non. 4. Tempos diferenciado, horarios específicos, etc. --- b) Espazos diferenciados? ---	1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo cooperativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.? Non é necesaria ningunha adaptación extraordinaria no curso actual. 2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a? Non. 3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais

<p>5. c) Materiais e recursos didácticos diferenciados? ---</p> <p>2. Faise algún desdoblamento de grupos? Non na materia de grego</p> <p>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula? Non.</p> <p>4. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a? Non. O alumnado que así o demande será atendido nas horas de lecer para aclarar dúbidas.</p> <p>5. Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia? Levará o mesmo traballo que se estea a relaizar na aula de referencia.</p>	<p>(LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO?</p> <p>4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)?</p> <p>5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia? Non hai alumnado repetidor no presente curso.</p> <p>6. Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?. Non.</p>
--	---

Medidas de atención á diversidade no presente curso

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Medidas ordinarias	Medias extraordinarias
Organizativas	Curriculares
<p>1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL? Ningún en 1º de BAC.</p> <p>2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)? Non hai alumnos estranxeiros que cursen a materia de Grego I.</p> <p>3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(Al. estranxeiro)? Non.</p> <p>4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.? Non.</p>	<p>1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas? Ningunha.</p> <p>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico? Non.</p> <p>3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)? Non se aplica en 1º de BAC.</p> <p>4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización? Non.</p> <p>5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc</p>

10. Actividades complementarias e extraescolares

Debido a situación ión desencadenada pola pandemia da Covid-19 non temos previsto organizar ningunha actividade complementaria ou extraescolar.

11. Datos do departamento

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
Latín I	1º BAC	1	Rosa Mª Rodríguez García
Latín II	2º BAC	1	Rosa Mª Rodríguez García
Latín	4º ESO	2	Rosa Mª Rodríguez García
Grego I	1º BAC	1	Rosa Mª Rodríguez García
Cultura Clásica	3º ESO	3	Mª Dolores Bouza Betriú

12. Relación coa resolución

Resolución do 27/7/2015 (DOG 29)

Elementos	Aspectos	Folla
a	Introdución e contextualización	Folla 3
b	Contribución ás competencias básicas	Folla 5
c	Concreción dos obxectivos para curso	Folla 3
d	Concreción para cada estándar	Folla 5
	1º.- Temporalización	Folla 4
	2º.- Grao mínimo de consecución	Folla 5
	3º.- Procedementos e instrumentos av.	Folla 5
e	Concrecións metodolóxicas	Folla 6
f	Materiais e recursos didácticos	Folla 6
g	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción	Folla 7
h	Indicadores de logro para avaliar o proc. ensino e p.d.	Folla 8
i	Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	Folla 7
j	Procedemento acreditación coñecementos previos	Folla 7
k	Avaliación inicial e medidas	Folla 7
l	Medidas de atención á diversidade	Folla 9
m	Concreción de elementos transversais	Folla 5
n	Actividades complementarias e extraescolares	Folla 10
ñ	Revisión, avaliación e modificación da programación	Folla 8

13. ANEXO COVID 19

1.- Plan de reforzo e recuperación

Non se contempla ningún plan específico de recuperación e reforzo por tratarse dunha nova etapa educativa e dunha materia optativa que poderían non ter cursado en 4º de ESO.

A primeira semana do curso realizarase unha proba que inclúe preguntas sobre aspectos culturais e lingüísticos. Permitirá identificar os coñecementos previos que teñen da materia e as nocións gramaticais básicas que posúen. A información recompilada servirá para marcar o punto de partida do proceso de ensinanza e para tomar medidas de educación educativa: plans de apoio e reforzo nos casos necesarios.

2.- Docencia non presencial: adaptacións derivadas

1. Organización do traballo escolar

Estratexias metodolóxicas

- A vía metodolóxica preferente para o desenvolvemento da actividade lectiva non presencial será a **Aula Virtual** do IES Leiras Pulpeiro.
- Empregarase a plataforma **Ciscowebex** para facilitar a interrelación. Os encontros por videoconferencia permitirán impartir contidos, interactuar, compartir o aprendido e comprobar a motivación. Planificarase un encontro semanal de 45 minutos entre as 17 e as 20 horas.
- O alumnado poderá contactar coa profesora para resolver dúbidas por correo electrónico e a través da mensaxería interna da Aula Virtual
- Fomentaremos a **aprendizaxe autónoma** propoñendo actividades asequibles que o alumnado poida resolver consultando o libro de texto e as presentacións e os recursos aportados pola profesora.
- As tarefas que se propoñan deberán desenvolver as competencias de aprender a aprender, iniciativa e espírito emprendedor e competencia dixital, así como o traballo cooperativo en rede.

Tarefas e actividades: tipos, cantidade e temporalización

- As actividades serán variadas e consistirán na realización de esquemas, resumos, traducións, exercicios apropiados para afianzar os contidos lingüísticos, culturais e léxicos, cuestionarios sobre vídeos didácticos e pequenos traballos de investigación sobre o legado cultural.
- A cantidade de tarefas será proporcional ao peso horario da materia. Deseñaremos actividades que poidan ser resoltas na metade de tempo semanal da materia.
- Os luns pola mañá será o día no que serán enviadas as tarefas, actividades ou exercicios que o alumnado terá que facer en cada un dos períodos semanais correspondentes. O prazo para que o alumnado envíe o traballo realizado rematará os venres as 23: 00 h.

Atención ao malumnado con necesidades de apoio

- Para dar resposta as diversas motivacións, intereses e capacidades que presenta o alumnado proporáanse exercicios de reforzo e recuperación de dificultade graduada nuns casos e de

ampliación de contidos noutros.

- Facilitaremos recursos online que ofrecen múltiples actividades para repaso e reforzo de contidos, coa súa correspondente solución e avaliación.

2. Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 1. Lingua grega 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua grega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico en que ten lugar o nacemento da lingua grega e a súa expansión.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Explicar a orixe da lingua grega a partir do indoeuropeo e coñecer os principais grupos lingüísticos que compoñen a familia das linguas indoeuropeas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B1.2.1. Explica a orixe da lingua grega e a relación coas outras linguas da familia indoeuropea.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B1.2.2. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Entender o concepto de familia lingüística e de indoeuropeo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B1.3.1. Explica o concepto de familia lingüística.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B1.3.2. Define o concepto de indoeuropeo e explica o proceso de creación do termo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B1.4.1. Establece a filiación das linguas de Europa delimitando nun mapa a zona de orixe e zonas de expansión.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Coñecer as etapas da historia da lingua grega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B1.5.1. Coñece as etapas da evolución da lingua grega, desde o micénico ata o grego moderno.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Identificar exemplos de escritura micénica e alfabética. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B1.6.1. Identifica a escritura Lineal B como un silabario, e a evolución dos caracteres do alfabeto.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Recoñecer a división dialectal da lingua grega e identificar a súa expansión xeográfica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B1.8.1. Sitúa nun mapa as diversas variedades dialectais da lingua grega.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 2. Sistema de lingua grega: elementos básicos 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura segundo a súa orixe e tipoloxía e describindo os trazos que distinguen a uns doutros.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto grego, a súa influencia e a súa relación con outros sistemas de escritura usados na actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto grego e describe a evolución dos seus signos a partir da adaptación dos signos do alfabeto fenicio.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B2.2.2. Explica a orixe e a evolución dos sistemas de escritura de diferentes linguas, partindo do alfabeto grego, e sinala as adaptacións que se producen en cada unha delas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Coñecer os caracteres do alfabeto grego na súa forma minúscula e maiúscula, escribilos e lelos coa pronuncia correcta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B2.3.1. Identifica e nomea correctamente os caracteres que forman o alfabeto grego, na súa forma minúscula e maiúscula, e escríbeos e leos correctamente.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Recoñecer o cadro clasificatorio dos fonemas da lingua grega xunto 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B2.4.1. Sitúa todos os fonemas da lingua grega no cadro clasificatorio



coa súa pronuncia.	dos fonemas e sabe describilos desde o punto e o modo de articulación.
▪ B2.5. Coñecer e aplicar as normas de transcripción para transcribir termos gregos ao abecedario galego e castelán.	▪ GR1B2.5.1. Coñece as normas de transcripción e aplícaas con corrección na transcripción de termos gregos ao galego e ao castelán.
▪ B2.6. Coñecer os acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación, o seu valor e a súa colocación.	▪ GR1B2.6.1. Coñece o valor e colocación dos acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación.
▪ Bloque 3. Morfoloxía	
▪ B3.1. Coñecer o concepto de flexión lingüística.	▪ GR1B3.1.1. Distingue unha lingua flexiva doutra non flexiva.
▪ B3.2. Distinguir e clasificar as categorías de palabras a partir do seu enunciado.	▪ GR1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica as características que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.
▪ B3.3. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.	▪ GR1B3.3.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e buscando exemplos doutros termos nos que estean presentes.
▪ B3.4. Comprender o concepto de declinación/flexión.	▪ GR1B3.4.1. Enuncia correctamente diversos tipos de palabras en grego, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e declinación.
▪ B3.5. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa	▪ GR1B3.5.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando



<p>declinación, declinalas correctamente, e analizar e traducir formas nominais e pronominais.</p>	<p>correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B3.5.2. Analiza desde o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes e sintagmas de concordancia, e tradúceos correctamente ao galego e/ou ao castelán.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Conxugar correctamente as formas verbais estudadas, analizalas morfoloxicamente e traducilas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B3.6.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, e explica e ilustra con exemplos as características que diferencian os conceptos de conxugación e declinación. ▪ GR1B3.6.4. Conxuga os tempos verbais en voz activa e medio pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes. ▪ GR1B3.6.5. Analiza morfoloxicamente e traduce ao galego e/ou ao castelán diferentes formas verbais gregas, e compara o seu uso en ambas as linguas. ▪ GR1B3.6.6. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Diferenciar entre formas persoais e non persoais do verbo e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha delas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para as clasificar.
- Introducción motivadora por parte da profesora, onde se sinalen os elementos máis atractivos, por actuais e interdisciplinares, do tema que se vai a tratar.
- Debate e actividade pregunta-resposta sobre o tema introducido pola profesora, co fin de facilitar unha idea precisa de onde se parte.
- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.
- Utilización dunha dinámica de grupos, sempre que iso sexa posible, para que o alumnado que tende a non participar polo seu carácter, pola súa actitude, pola súa falta de coñecementos previos, etc., teña contacto cos contidos conceptuais e procedimentais a través dos seus iguais, facilitando desta maneira a integración, unha disposición máis favorable por participar nun círculo máis reducido.

2. **Actividades de desenvolvemento**

- Lectura e comentario de textos traducidos.
- Resumo de textos distinguindo o principal e o secundario.
- Lectura comprensiva do tema de cultura.
- Comentarios de imaxes.
- Establecemento de relacións entre os contidos da materia de Cultura Clásica, os doutras materias e a realidade cotiá do alumnado
- Resolución de exercicios sobre aspectos culturais (escritos ou interactivos).
- Resolución de exercicios de léxico: composición, derivación, evolución fonética, helenismos, latinismos.
- Confección de mapas.

Do conxunto total de actividades de desenvolvemento que cada unidade ofrece, a profesora, á vista do ritmo de aprendizaxe do grupo e da diversidade do mesmo decidirá cales realizar con maior profusión e cales non.

3. **Actividades de síntese-resumen:**

- Confección de sínteses, resúmenes ou esquemas coa recapitulación das cuestións tratadas.

4. **Actividades de consolidación, recuperación e ampliación:**

- Realización de esquemas e exercicios apropiados e o abundantes e variados que sexa preciso, co fin de afianzar os contidos culturais e léxicos traballados na unidade.
- Actividades interactivas de páxinas web seleccionadas.
- Cuestionarios, debates ou resúmenes sobre vídeos didácticos e secuencias de películas históricas; realizarase o visionado completo de películas se o horario e as circunstancias concretas de aproveitamento son favorables.
- Lecturas complementarias e realización de esquemas das mesmas para afianzar os contidos

culturais.

- Mentres se realizan as actividades de recuperación, o alumnado que alcanzase satisfactoriamente os contidos propostos, realizará pequenos traballos de investigación sobre temas culturais, lecturas complementarias e ampliación de léxico da propia lingua relacionado co tema, mediante dicionarios, enciclopedias ou textos apropiados.

5. Actividades de avaliación:

- Observación directa do traballo do alumnado na aula.
- Probas orais ou escritas ao final de cada unidade didáctica co fin de analizar a consecución dos obxectivos propostos.
- Exposicións orais sobre os contidos culturais.
- Análise de producións: caderno, comentarios, mapas, esquemas, resumes, exercicios gramaticais, traducións, traballos de investigación.

2.- Outras decisión metodolóxicas

1.- Agrupamentos

- a. Gran grupo, procurando que as intervencións orais non sexan monopolizadas sempre pola mesma persoa.
- b. Individual.
- c. Grupos flexibles de 2-4 alumnos-as heteroxéneos e rotatorios.

2. Tempos

Tentaremos axustar cada unidade didáctica á temporalización que figura na táboa de contidos.

Queda ó arbitrio do docente facer os cambios que coide pertinentes para axeitar o traballo académico no tocante á realidade humana da aula e mesmo ó calendario escolar (actividades extraescolares propostas por outros departamentos, folgas, vacacións, pontes...). Estas alteracións quedarán puntualmente recollidas na Memoria Final.

3. Espazos

- a. Aula.
- b. Biblioteca (se o protocolo sanitario asociado a mobilidade do plan de contixencia o permite)
- c. Aula de Informática (se o protocolo sanitario asociado a mobilidade do plan de contixencia o permite).

4. Materiais

- a. Libro de texto recomendado: **Cultura Clásica ESO. Proyecto Saber Hacer**. Ed. Santillana.
- b. Libro de lectura: Fernando Lillo Redonet: *El aprendiz de brujo y otros cuentos de Grecia y Roma*. Editorial Merial. Córdoba 2007..
- c. Material bibliográfico situado no departamento e na biblioteca: antoloxías de autores gregos, libros de consulta.
- d. Material audiovisual: vídeos, documentais e diapositivas.
- e. Materiais elaborados polo Departamento: esquemas, gráficos e resumes sobre cuestións culturais: historia, institucións, vida cotiá etc.

- f. Mapas para os temas xeográficos e históricos.
- g. O caderno do alumnado no que irá realizando as actividades.
- h. Pizarra dixital, ordenador e canon de imaxe.

5. Recursos didácticos

- a. *Presentacións en PowerPoint* sobre temas culturais e de morfosintaxe grega.
- b. Utilización de enlaces a diferentes páxinas web de interese, para desenvolver diversos aspectos tratados nas unidades didácticas e con exercicios interactivos.
 - <http://www.chironweb.org/wiki/index.php/Portada>
 - <http://www.luduslitterarius.net/>
 - www.culturaclasica.net
 - <http://www.culturaclasica.com>
 - http://recursos.cnice.mec.es/latingriego/Palladium/_comun/eshome.php
 - <http://www.geocities.com/eseducativa/enlaceculturaClasic.html>
 - <http://roble.pntic.mec.es/~lorbanej/>
 - <https://edu.symboloo.com/mix/miaspasiaple>
 - <http://www.slideshare.net/miaspasia/presentations>
 - https://dl.dropboxusercontent.com/u/154530/web/Cultura_clasica.html
- c. Blogs administrados por profesores de clásicas:
 - <http://almacendeclassicas.blogspot.com.es/>
 - <http://www.chironweb.org/blogs/>

7.- AVALIACIÓN

Inicial, continua, final, extraordinaria. Pendentes

1. Procedementos de avaliación inicial

Data de realización

Nas dúas primeiras semanas do mes de outubro.

En que consistirá?

- a. Observación do proceso de ensinanza- aprendizaxe.
- b. Preguntas directas aos alumnos sobre o seu coñecemento e dominio de determinados conceptos e procedementos.
- c. Proba escrita para verificar os coñecementos culturais do alumnado.

Información á familia

As familias do alumnado serán informadas a través da titoría no caso que se detecte unha importante falta de coñecementos previos.

Consecuencias dos resultados

Permitirá identificar en qué estándares de aprendizaxe existen dificultades no conxunto do grupo ou en determinados alumnos-as. A información recompilada servirá para marcar o punto de partida do proceso de ensinanza e para tomar medidas de educación educativa: plans de apoio e reforzo nos casos necesarios.

2.- Procedemento avaliación continua

Temporalización

Contemplamos facer unha proba escrita por cada unidade didáctica.

Cualificación

a. Probas escritas:

Poderán constar de:

- Preguntas breves de resposta directa.
- Explicación dunha cuestión.
- Relacionar termos coa súa descrición correcta.
- Preguntas tipo test de opción múltiple.
- Completar textos mutilados.
- Ordenar cronoloxicamente unha serie de afirmacións.
- Elaboración unha árbore xenealóxica ou un eixe cronolóxico.
- Lectura dun texto e preguntas de comprensión lectora e elaboración de resume.
- Análise e interpretación de imaxes.
- Identificación de puntos xeográficos nun mapa.
- Definir termos.
- Identificar lexemas, prefixos ou sufixos de orixe grecolatina.
- Empregar latinismos ou helenismos en frases de elaboración propia.

Permitirán comprobar ata que punto o alumno ou alumna profundou na vida e a cultura clásica.

Sobre unha nota de 10, valorarase cada unha das preguntas segundo a súa importancia, e irá especificado na mesma proba.

Valorarase a capacidade de expresión e a corrección ortográfica e gramatical:

- Cada falta de ortografía restará 0'1 puntos ata un máximo de 1 punto por exame.
- Unha mala presentación restará ata 1 punto de máximo. Consideraranse a limpeza, borranchos, non respecto polas marxes e caligrafía. Por cada un dos ítems descontaranse 0,25 puntos.
- Unha correcta expresión significará unha maior valoración en cada unha das preguntas da proba.

b. Traballos individuais ou colectivos.

Nos traballos de investigación, nas presentacións e nas elaboracións de informes valoraremos:

- a. Cantidade e calidade de fontes e recursos utilizados: 10%.
- b. Análise e síntese da información: 30%
- c. Redacción, presentación e ortografía: 20%.

- d. Selección de imaxes ou interpretación e elaboración de mapas: 10%
- e. Participación e colaboración no caso dos traballos en grupo. Interese e esforzo no caso dos traballos individuais: 10%
- f. Exposición oral das conclusións: 20%.

No caso de que non houbera presentación oral, este 20% sumarase ao ítem b.

c. Trabajo na aula

Os instrumentos para avalialo serán o **caderno do alumno-a** e **listas de control** no caderno da profesora.

Para valorar o **caderno** utilizaremos unha **rúbrica** na que valoraremos:

- d. Presentación: limpeza e claridade.
- e. Contidos: actividades resoltas e corrixidas, cantidade e calidade da información básica recollida.
- f. Organización: orden nos contidos.

Nas **listas de control** anotaremos o traballo diario do alumnado na clase e a realización de actividades feitas na casa

d. Observación sistemática e rexistro avaliada mediante unha **escala de apreciación numérica**:

Recolleremos no caderno de notas da profesora información sobre:

- a. Comportamento adecuado na aula: actitude de respecto cara os compañeiros e a profesora, non interrupción da marcha da clase e respecto ás normas de convivencia, asistencia a clase e puntualidade.
- b. Actitude ante a materia: interese pola aprendizaxe, participación na clase, realización no prazo previsto dos exercicios encomendados, atención e esforzo.

Para poder establecer unha cualificación numérica destes aspectos, o alumnado parte ao comezo da avaliación cunha cualificación de "10". No noso caderno de notas rexistraremos como puntos negativos a ausencia de traballo na casa e na aula e o comportamento e actitude indebida.

Ponderación e redondeo

A cualificación final de cada avaliación será o resultado da suma de:

- a. Media aritmética das probas escritas: 70%.
Para realizar a media será necesario acadar un mínimo dun 3 en cada unha delas.
- b. Traballos individuais ou colectivos: 20%.
- e. Caderno do alumnado: 5 %.
- f. Actitude, comportamento e traballo na aula e na casa: 5%.

O redondeo establécese á alza a partires de 0,50 centésimas e á baixa con 0,49 centésimas ou menos.

Recuperación dunha avaliación non superada

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, polo que implicará un seguimento do proceso e dos resultados das aprendizaxes ao longo de todo o curso.

O alumnado que non obteña unha cualificación positiva nunha avaliación deberá realizar unha proba por escrito na avaliación posterior. Se o alumno suspendese por non entregar un traballo ou por non facelo correctamente, deberá realizalo adecuadamente para poder superar a avaliación.

De non superar as recuperacións, o alumnado terá que presentarse ás probas finais no mes de xuño.

3.- Procedemento avaliación final

Quen debe ir á avaliación final?

En xuño realizarase una proba escrita para o alumnado que non aprobase ningunha avaliación.

O alumnado que teña unha o dúas avaliacións suspensas fará unha proba por cada avaliación suspensa.

A esta proba final poderá presentarse voluntariamente a subir nota o alumnado con avaliación positiva. Se a nota obtida nesta proba fose inferior á media positiva xa alcanzada, non se terá en consideración a cualificación obtida na proba global.

En que consistirá a proba ?

A proba consistirá nun exame coas mesmas características e cualificacións que as probas escritas realizadas durante o curso.

Para superar a materia o alumno ou alumna deberá alcanzar, como mínimo un 5.

O redondeo establécese á alza a partires de 0,50 centésimas e á baixa con 0,49 centésimas ou menos.

Que estándares se van avaliar? Avaliación pendentas, todos, ...

Bloque 1. Xeografía

- **CCB1.1.1.** Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.

Bloque 2. Historia

- **CCB2.2.1.** Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.
- **CCB2.2.3.** Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información.
- **CCB2.2.4.** Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.
- **CCB2.3.1.** Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.
- **CCB2.3.2.** Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.

Bloque 3. Mitoloxía

- **CCB3.1.1.** Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.
- **CCB3.2.4.** Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.

- **CCB3.3.1.** Enumera e explica as principais características da relixión grega, póndoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.
- **CCB3.4.1.** Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.

Bloque 4. Arte

- **CCB4.1.1.** Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.
- **CCB4.2.1.** Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.
- **CCB4.3.1.** Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.

Bloque 5. Sociedade e vida cotiá

- **CCB5.1.1.** Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política.
- **CCB5.2.1.** Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais.
- **CCB5.3.1.** Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais.
- **CCB5.4.1.** Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma.
- **CCB5.5.1.** Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.
- **CCB5.6.1.** Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso.

Bloque 6. Lingua e Literatura

- **CCB6.4.1.** Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco.
- **CCB6.5.1.** Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.
- **CCB6.6.1.** Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.
- **CCB6.6.2.** Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes.
- **CCB6.7.2.** Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual.
- **CCB6.9.1.** Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico-técnica e sabe usalos con propiedade.

- **CCB6.12.1.** Nomea aos autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas.

Bloque 7. Pervivencia na actualidade

- **CCB7.2.1.** Demuestra a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos.
- **CCB7.3.1.** Enumera e explica algúns exemplos concretos nos que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico tivo na historia e as tradicións do noso país.

Como se elabora a cualificación final? Ponderación e redondeos.

A cualificación final é o resultado da nota media ponderada dos tres trimestres.

Que criterios segue o centro para a promoción?

Segundo o Decreto 86/2015 do 25 de xuño a promoción do alumnado dun curso a outro será decidida de xeito colexiado polo profesorado, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes tendo en conta:

- Os alumnos e as alumnas promocionarán de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo.
- Repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
- De xeito excepcional promocionará un alumno ou unha alumna con avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna poden seguir con éxito o curso seguinte, que teñen expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, e sempre que se lle apliquen ao alumno ou á alumna medidas de atención educativa.

4.- Procedemento de avaliación extraordinaria

Tipo de proba que se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas.

Unha proba escrita que será un compendio do esixido durante todo o curso. Terá a mesma estrutura e será cualificada do mesmo xeito que as probas escritas realizadas durante o curso.

Como se cualifica, redondeos.

Será necesario, para obter unha cualificación positiva, ter superado o 50% de cada un dos apartados anteriores.

O redondeo establécese á alza a partires de 0,50 centésimas e á baixa con 0,49 centésimas ou menos.

5.- Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes

Como se fará o seguimento: clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento,

A xefa do Departamento de Grego estará a disposición do alumnado para calquera dúbida ou explicación que fose precisa. Faranse **reunións periódicas** co alumnado afectado para que expoñan tódalas dificultades que teñan coa materia. Ademais de explicar e de aclarar dúbidas entregaráselle **fichas de exercicios** para que o alumnado as reelabore, atendendo as particulares dificultades de cada momento. Propóranse tamén traballos de investigación sobre temas que se indicarán puntualmente.

Estas fichas e traballos serán entregadas nas datas que se indiquen e teranse en conta para superar a materia.

Non se recollerán exercicios nin traballos fóra da data establecida salvo causas debidamente xustificadas.

Como se avalía e cualifica?

Avaliacións parciais

O alumnado coa disciplina de Cultura Clásica pendente será avaliado mediante os seguintes procedementos:

- g. Dúas probas escritas, unha en novembro e outra en febreiro. Terán a mesma estrutura e valoración que as aplicadas na proba extraordinaria de setembro: 60% da nota.
- h. Fichas de exercicios e traballos de investigación: 40 % da nota.

Avaliación final

Se o alumnado non superase a materia pendente nas avaliacións parciais, realizará unha proba escrita na data establecida no calendario de exames de materias pendentes. Para superar a materia o alumno ou alumna deberá alcanzar, como mínimo un 5.

O redondeo establécese á alza a partires de 0,50 centésimas e á baixa con 0,49 centésimas ou menos.

Avaliación extraordinaria

Na convocatoria extraordinaria en setembro realizarase unha proba escrita coas mesmas características e valoracións que a da avaliación final ordinaria.

8.- OUTRAS AVALIACIÓNS

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				

10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de tutoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

2.- Avaliación da programación didáctica

1.- Mecanismo revisión

Con que periodicidade se revisará?

Ao finalizar cada trimestre farase unha revisión da programación, adaptándoa, se fose necesario, ás necesidades detectadas, xa por atraso no seu desenvolvemento, xa pola necesidade de incluír novos apartados. De todo iso deixarase constancia no Libro de actas do Departamento.

Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

- Realizar un número menor de actividades de reforzo e consolidación.

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				

5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuise e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

9.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Medidas de atención á diversidade no presente curso

MEDIDAS ORDINARIAS

Medidas ordinarias	Medias extraordinarias
Organizativas	Curriculares
1. Adequouse a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo? Non.	1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo cooperativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.?
3. Tempos diferenciado, horarios específicos, etc.	Non.

<p>---</p> <p>b) Espazos diferenciados?</p> <p>---</p> <p>4. c) Materiais e recursos didácticos diferenciados?</p> <p>---</p> <p>2. Faise algún desdoblamento de grupos? Non.</p> <p>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula? Non.</p> <p>4. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a? O alumnado que así o requira será atendido nos períodos de lecer para aclarar posibles dúbidas.</p> <p>5. Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia? Levará o mesmo traballo que se estea a realizar na clase.</p>	<p>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a? Non.</p> <p>3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO?</p> <p>4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)?</p> <p>5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia? Non.</p> <p>6. Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?. Non.</p>
---	--

Medidas de atención á diversidade no presente curso

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Medidas ordinarias	Medias extraordinarias
Organizativas	Curriculares
<p>1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL? Ningún.</p> <p>2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)? Non.</p> <p>3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(Al. estranxeiro)? Non.</p> <p>4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.? Non.</p>	<p>1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas? Ningunha.</p> <p>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico? Non.</p> <p>3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)? Non.</p> <p>4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización? Non.</p> <p>5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc</p>

10. Actividades complementarias e extraescolares

Debido a situación ión desencadenada pola pandemia da Covid-19 non temos previsto organizar ningunha actividade complementaria ou extraescolar.

11. Datos do departamento

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
Latín I	1º BAC	1	Rosa Mª Rodríguez García
Latín II	2º BAC	1	Rosa Mª Rodríguez García
Latín	4º ESO	2	Rosa Mª Rodríguez García
Grego I	1º BAC	1	Rosa Mª Rodríguez García
Cultura Clásica	3º ESO	3	Mª Dolores Bouza Betriú

12. Relación coa resolución

Resolución do 27/7/2015 (DOG 29)

Elementos	Aspectos	Folla
a	Introdución e contextualización	Folla 3
b	Contribución ás competencias básicas	Folla 5
c	Concreción dos obxectivos para curso	Folla 3
d	Concreción para cada estándar	Folla 5
	1º.- Temporalización	Folla 4
	2º.- Grao mínimo de consecución	Folla 5
	3º.- Procedementos e instrumentos av.	Folla 5
e	Concrecións metodolóxicas	Folla 6
f	Materiais e recursos didácticos	Folla 6
g	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción	Folla 7
h	Indicadores de logro para avaliar o proc. ensino e p.d.	Folla 8
i	Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	Folla 7
j	Procedemento acreditación coñecementos previos	Folla 7
k	Avaliación inicial e medidas	Folla 7
l	Medidas de atención á diversidade	Folla 9
m	Concreción de elementos transversais	Folla 5
n	Actividades complementarias e extraescolares	Folla 10
ñ	Revisión, avaliación e modificación da programación	Folla 8

13. ANEXO COVID 19

1.- Plan de reforzo e recuperación

Non se contempla ningún plan específico de recuperación e reforzo por tratarse dunha materia optativa que non cursaron no curso académico 19-20.

A primeira semana do curso realizarase unha proba que inclúe preguntas sobre aspectos culturais do mundo clásico. Permitirá identificar os coñecementos previos que teñen da materia. A información recompilada servirá para marcar o punto de partida do proceso de ensinanza e para tomar medidas de educación educativa: plans de apoio e reforzo nos casos necesarios.

2.- Docencia non presencial: adaptacións derivadas

1. Organización do traballo escolar

Estratexias metodolóxicas

- A vía metodolóxica preferente para o desenvolvemento da actividade lectiva non presencial será a **Aula Virtual** do IES Leiras Pulpeiro.
- Empregarase a plataforma **Ciscowebex** para facilitar a interrelación. Os encontros por videoconferencia permitirán impartir contidos, interactuar, compartir o aprendido e comprobar a motivación. Planificarase un encontro semanal de 45 minutos entre as 17 e as 20 horas.
- O alumnado poderá contactar coa profesora para resolver dúbidas por correo electrónico e a través da mensaxería interna da Aula Virtual
- Fomentaremos a **aprendizaxe activa e autónoma** elaborando actividades asequibles, atractivas e variadas, que o alumnado poida resolver consultando o libro de texto e as presentacións e os recursos aportados pola profesora.
- As tarefas que se propoñan deberán desenvolver as competencias de aprender a aprender, iniciativa e espírito emprendedor e competencia dixital, así como o traballo cooperativo en rede.
- Empregaremos o **visionado de documentais** ou películas relacionadas co mundo clásico para motivar e asegurar a construción de aprendizaxes significativas, provocando curiosidade, despertando os seus sentimentos e potenciado a súa imaxinación.
- Utilizaremos a **lectura e comentarios de textos** como camiño para descubrir as características culturais (lingua, literatura e pensamento) que perviven e que nos aprenden a respectar o pasado e a comprender o presente.

Tarefas e actividades: tipos, cantidade e temporalización

- As actividades serán variadas e consistirán na realización de esquemas, resumos, exercicios apropiados para afianzar os contidos culturais, cuestionarios sobre vídeos didácticos e pequenos traballos de investigación sobre o legado cultural.
- A cantidade de tarefas será proporcional ao peso horario da materia. Deseñaremos actividades que poidan ser resoltas na metade de tempo semanal da materia.
- Os luns pola mañá será o día no que serán enviadas as tarefas, actividades ou exercicios que o alumnado terá que facer en cada un dos períodos semanais correspondentes. O prazo para que

o alumnado envíe o traballo realizado rematará os venres as 23: 00 h.

Atención ao malumnado con necesidades de apoio

- Para dar resposta as diversas motivacións, intereses e capacidades que presenta o alumnado proporanse exercicios de reforzo e recuperación de dificultade graduada nuns casos e de ampliación de contidos noutros.
- Facilitaremos recursos online que ofrecen múltiples actividades para repaso e reforzo de contidos, coa súa correspondente solución e avaliación.

2. Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 1. Xeografía 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico grega e romana, delimitando o seu ámbito próximo e situando con precisión puntos xeográficos de relevancia histórica.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB1.2.1. Enumera aspectos do marco xeográfico e do desenvolvemento das civilizacións grega e latina en diferentes formulacións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 2. Historia 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos históricos correspondentes, pondoos en contexto.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia e os principais fitos asociados a cada unha delas. ▪ CCB2.2.2. Explica o proceso de transición que describindo as circunstancias que interveñen no mesmo. ▪ CCB2.2.3. Elabora eixes cronolóxicos en que se sitúan os feitos históricos, indicando as fontes de información.



	<ul style="list-style-type: none">▪ CCB2.2.4. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o m romana, sinalando períodos e identificando en outras civilizacións.
<ul style="list-style-type: none">▪ Bloque 3. Mitoloxía	
<ul style="list-style-type: none">▪ B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.	<ul style="list-style-type: none">▪ CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre
<ul style="list-style-type: none">▪ B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	<ul style="list-style-type: none">▪ CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico que os diferencian.▪ CCB3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre culturas, comparando o seu tratamento na literatura▪ CCB3.2.3. Recoñece e ilustra con exemplos o m analizando a influencia da tradición clásica neste que se observan entre ambos os tratamentos, as
<ul style="list-style-type: none">▪	<ul style="list-style-type: none">▪ CCB3.2.4. Recoñece referencias mitolóxicas describindo, a través do uso que se fai destas, grecolatina.
<ul style="list-style-type: none">▪ B3.3. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	<ul style="list-style-type: none">▪ CCB3.3.1. Enumera e explica as principais características aspectos básicos da cultura helénica e establece doutras culturas.
<ul style="list-style-type: none">▪ B3.4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	<ul style="list-style-type: none">▪ CCB3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma do
<ul style="list-style-type: none">▪ Bloque 4. Arte	



<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB4.1.2. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa nelas outras manifestacións culturais ou a fitos históricos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB4.2.1. Recoñece as características esenciais da orde arquitectónica á que pertencen distintos modelos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB4.4.1. Describe as características, os principais tipos e a influencia en modelos urbanísticos posteriores.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 5. Sociedade e vida cotiá 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB5.2.1. Describe a organización das sociedades sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionándolos e comparándoos cos actuais. ▪ CCB5.2.2. Describe as principais características da sociedade romana.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeñan os membros da familia, identificando e explicando a través deles estereotipos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB5.4.1. Identifica e describe os tipos de vestimenta en Grecia e Roma. ▪ CCB5.4.2. Identifica e describe formas de traballo e de ocio da época, e explica a súa influencia no progreso da civilización.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB5.6.1. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, relacionándolos con respecto a outras festividades deste tipo existentes.



moderno, establecendo semellanzas e diferenzas.

Bloque 6. Lingua e Literatura

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.1.1. Recoñece tipos de escritura, clasifícalos e describe os elementos que os distinguen.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos, diferenciándoos doutros tipos de escrituras, e explica as súas funcións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.3.1. Explica a influencia dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais, e relaciona os elementos máis recentes coa presenza de determinados elementos dos alfabetos grego e latino.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.4.1. Enumera e localiza nun mapa as principais linguas modernas e os seus idiomas modernos que se derivan de cada unha das linguas indoeuropeas. ▪ CCB6.4.2. Describe a evolución das linguas romances, ilustrando con exemplos os elementos que evidencian a proximidade existente entre elas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.5.1. Identifica as linguas que se falan en Europa, e delimita nun mapa as zonas de fala das linguas romances e non romances.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.6. Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.6.1. Recoñece e explica o significado de palabras de orixe grecolatina do léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas. ▪ CCB6.6.2. Explica o significado de palabras de orixe grecolatina das linguas modernas, e indica as partes do corpo humano e os órganos dos sentidos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.7. Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.7.1. Identifica e diferencia con seguridade os latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, e explica o seu significado co termo de orixe sen, necesidade de consultar o dicionario.



▪	▪ CCB6.7.2. Coñece o significado das principais loc
▪ B6.9. Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina.	▪ CCB6.9.1. Explica a partir da súa etimoloxía term e sabe usalos con propiedade.
▪ B6.10. Constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	▪ CCB6.10.1. Demostra o influxo do latín e o gre ilustrar o mantemento nestas de elementos léxic
▪ B6.11. Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.	▪ CCB6.11.1. Describe as características esenciais na literatura posterior.
▪ B6.12. Coñecer os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	▪ CCB6.12.1. Nomea aos autores máis represen histórico e cita as súas obras máis coñecidas.
▪ Bloque 7. Pervivencia na actualidade	
▪ B7.1. Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	▪ CCB7.1.1. Sinala e describe algúns aspectos básic actualidade, demostrando a súa vixencia nunha
▪ B7.2. Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.	▪ CCB7.2.1. Demostra a pervivencia da mitoloxía e artísticas contemporáneas nas que están presen
▪ B7.3. Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	▪ CCB7.3.1. Enumera e explica algúns exemplos mundo clásico tivo na historia e as tradicións do
▪ B7.4. Realizar traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.	▪ B7.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a investigación acerca da pervivencia da civilización

3. Procedementos e instrumentos de avaliación

- **Traballos individuais** semanais serán avaliados mediante **rúbricas**.nas que se valorará o esmero e a corrección na realización das tarefas e a súa autenticidade
- **Probas telemáticas** de resposta breve, de opción múltiple, de verdadeiro ou falso.

4. Criterios de cualificación

- Se a situación pandémica obligase a un confinamento durante un trimestre completo e sen posibilidade de realizar ningunha proba escrita presencial, a cualificación final da avaliación sería o resultado da suma de:

- Media aritmética das probas telemáticas: 60%.
- Traballos individuais: 40%.

O redondeo establécese á alza a partires de 0,50 centésimas e á baixa con 0,49 centésimas ou menos.

- Se nun mesmo trimestre se desenvolvese docencia presencial e non presencial avaliarase cada un dos períodos cos seus criterios correspondentes e que figuran nesta programación. A cualificación final será a media aritmética de ambas avaliacións.
- Se a docencia non presencial é inferior a 9 horas lectivas, aplicaranse os criterios de cualificación que figuran na programación didáctica presencial.

5. Información ao alumnado e ás familias

- A información máis relevante será publicada na sección “novas” do departamento de Grego da páxina web
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesleiraspulpeiro/?q=taxonomy/term/98>
Simultaneamente a mesma información será enviada ao correo personal do alumnado.
- As familias do alumnado no que se detecte ausencia de traballo, por fenda dixital ou cuestións doutra índole, serán localizadas e informadas a través da titoría.

Lugo 18 de setembro de 2020



Asdo: Rosa Mª Rodríguez García